



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 6 DE MAIO DE 2013.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D^a M^a ÁN XELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12:00 horas do día 6 de maio de 2013 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Secretario Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D^a. Eva Fernández Garcia

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA:

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Toma a palabra o Sr. Alcalde (PP): Bos días a todos e todas, vamos a escomenzar entonces, este Pleno ordinario co primeiro punto do orden do día, que é a aprobación da acta, das actas, 26 do 2 do 13, do 4 do 3 do 13 e do 15 do 3 do 2013, que teñen todos copia y someto a votación este punto, a oposición se alguén ten que alegar algo neste punto, ten a palabra o voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Fírvida (BNG): Bos días a todas e a todos, o Bloque Nacionalista Galego en contra do que viña facendo en moitos Plenos neste Concello, vai a votar a favor destas actas, porque se recolle o que tanto reivindicamos, desde que se elaborou no regulamento do funcionamento dos Plenos, que se debería utilizar algún tipo de rexistro e de todo o que se comentaba y todo o que se dicía nos Plenos e que as actas tiñan que recoller fielmente o que aquí se comentaba, non o que sucedía no pasado. O único que lamentamos é que esto xurdira por arte de maxia nun Pleno extraordinario convocado polo Sr. Alcalde de Barbadás, e que non acontecera con anterioridade, esto reflicte ben claramente en que tipo de Concello nos movemos e atopamos e como se interpreta aquí a democracia.

Toma a palabra o Sr. Alcalde: O Partido Socialista ten a palabra o seu voceiro, a súa voceira

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Moitas grazas. Nós, votamos a favor das actas do 6 do 2, ¿vanse votar conxuntamente?. Nós estamos de acordo coas actas do 26 do 2 e do 4 do 3, ca salvedade de que hai moitos erros, na utilización do idioma galego, na transcripción; ó ser unha transcripción literal podía ser un pouco máis fiel ó noso idioma; e despois a acta do 15 do 3 2013, imos votar en contra porque evidentemente non estamos de acordo con como se desenrolou esa sesión, por eso presentamos un recurso de reposición, tamén presentamos un escrito conxuntamente co BNG, entón esa acta evidentemente, nós, consideramos que ese Pleno non se desenrolou polos cauces democráticos, votamos en contra.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero esta es la aprobación del acta, no va contra el Pleno

A Sra. Morenza toma a palabra: Pero nós votamos en contra da acta.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois entonces nós votamos a favor loxicamente, entendo que se aproban cos votos do BNG e do Partido Popular, as tres actas, y que se rexeita, que se rexeita non, y que se aproba, digo o Partido Socialista, vota en contra da acta do 15 do 3, ¿non é así?.



Perfecto.

Entonces pasamos ao punto 2 que é a Modificación do Regulamento Interno da Escola Municipal, subordinada á autorización da Xunta de Galicia, ten a palabra a Sra. Secretaria para que lle día o informe.

2- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL, SUBORDINADA Á AUTORIZACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

A Sra. Secretaria toma a palabra: Se trata de la modificación del Reglamento Interno da Escola Infantil Municipal, que está subordinada a la autorización de la Xunta de Galicia, autorización que se dio ya verbalmente, que se espera la remisión del escrito, y básicamente el centro de la modificación consiste en el cierre de la guardería en el mes de agosto, como se hace en otras muchas guarderías públicas. Los informes obran en el expediente y han sido realizados por personal a cargo de la guardería; se incluyen varias modificaciones de artículos, sugeridos por el personal que lleva la dirección de este servicio, para su mejor funcionamiento .Y por último, con respecto a una pregunta que hizo Doña Victoria Morenza en la Comisión Informativa, el tema de la consideración de la unidad familiar, parece que es un imperativo legal de la Xunta, la nueva consideración de la unidad familiar, pero, haciendo constar, aquellos supuestos específicos en los que se tenga a una persona que no forme parte legalmente de la unidad familiar a cargo, como puede ser una persona mayor, un familiar o lo que sea y de eso será lo que den cuenta en los servicios sociales; eso es lo que me informan a mi los servicios técnicos.

A Sra. González (BNG) toma a palabra: Desde o BNG queremos facer mención a varias cuestións, primeiro non sei si me falta a min unha folla, do informe de Pilar Rodríguez Rodríguez, que é a coordinadora da Escola Infantil Municipal de Barbadás, pero que eu non vin en ningún sitio que solicitasen o peche en agosto, tal e como aparece aquí o que informa ela, a coordinadora infantil, si eu vexo en cambio, no que nos entrega o Concello de Barbadás, no último punto a engadir, que igual me falta unha folla a min, non o sei. Ben, dito isto, dicir, con respecto ao artigo 10 estamos de acordo, con respecto ao artigo que fai mención a que os nenos que teñan irmáns con praza renovada no centro terán prioridade para entrar, paréceme que é lóxico; con respecto ao artigo 16, dicir, que a modificación que se pretende en torno á unidade familiar, o BNG parécenos un claro retroceso no que é o recoñecemento da unidade familiar, como familia unicamente a familia nuclear e a familia tradicional, polo tanto, é un claro retroceso, que o único que fai é sobrecargar de burocracia os



servizos sociais, nun momento que os servizos sociais deberían de estar para algo máis que para burocratizar, que para facer burocracia, y certificar que efectivamente hai un maior a cargo, ou unha persoa dependente a cargo, ou outros membros que forman parte da unidade familiar en realidade. Con respecto ao artigo 23, parécenos que son despiadados ó decir que as familias ó solicitar que as familias paguen horas extras, eso nos parece que nas épocas que corren é realmente cruel, é dicir, que eiquí pon que o tempo máximo de permanencia na Escola Infantil Municipal será de oito horas, engadirlle o seguinte, “agás por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas e acreditadas”, si unha familia xustifica e acredita debidamente que necesita media hora máis, un cuarto de hora máis, dez minutos máis ou unha hora máis, vánselle cobrar horas extra, nos tempo que corren, e nun Concello que continuamente están subindo as taxas de todo, e nun Concello que ten unha sola gardería municipal, unha sola escola infantil municipal, porque o Partido Popular, non deu o si, a unha Resolución que aparece no 2010, no que se orzamenta a posibilidade, e aparece orzamentado, de facer unha segunda escola infantil municipal. Orzamentado e publicado no Boletín Oficial do Estado, que xa en máis dunha ocasión dixemos eiquí neste Pleno que efectivamente o Partido Popular, pasara absolutamente deste tema, e unha escola infantil municipal que non da cobertura ao 100%, nin ó 80% dos nenos e nenas deste Concello, y me atrevería a dicir que nin ao 50%, porque quedan 25 nenos fora este ano, y esto ven sucedendo dende hai moitísimos anos que queden nenos fora, polo tanto parécenos despiadado pedirlle as familias aínda por riba que fagan un esforzo a maiores nun servizo público que é pagar horas extra.

Despois pon o seguinte, “suprimir no mes de agosto o horario será de 7e media a catro” e engadir que a escola infantil municipal pechará no mes de agosto para que así todos “ poidan ter”.. Poidan ter non: obríganlle a ter a todos os nenos un mes de vacacións obrigatorio, a máis pono así ¿non?, .Obrigan a ter a todos os nenos un mes de vacacións en agosto, obrigatorio. Miren: hai garderías en concellos, que efectivamente no mes de agosto pechan, efectivamente, pero é que hai unha circunstancia que nese concellos, hai máis garderías y normalmente o que fan e redistribuír aos nenos e nenas, que van a esas garderías que as súas familias necesitan ese servizo, redistribuílas entre outras garderías, e túnanse para coller as vacacións no mes de agosto. No caso de Barbadás non é así, hai unha sola escola municipal, e polo tanto, serán os traballadores os que se teñan que turnar para coller vacacións. Seguramente fan unha estimación dos nenos e nenas que van en agosto, que van a usar a guardería en agosto. Seguramente é menor o número que o resto do curso, ó ser menor é unha cuestión de que necesitan menos personal, e o necesitar menos personal, o personal tense que turnar para ter as



vacacións no mes de agosto ou no mes de xullo, pero o que non poden facer é deixar sen cobertura, ¿eh?, sen cobertura no mes de agosto, ós nenos e nenas que o necesitan, porque están deixando sen cobertura ás familias de Barbadás que o necesitan. Un servizo público que está pagado por todos e todas nós, polo tanto non podemos estar de acordo con estas modificacións, unicamente coa modificación do artigo 10, como xa dixen.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

A Sra. Morenza toma a palabra: Moi ben, pois dende o Partido Socialista consideramos que este cambios evidentemente supoñen unha mellora na prestación do servizo, e sen embargo, resulta hastiante que polo menos dúas veces ó ano, teñamos que traer a Pleno continuas modificacións do funcionamento da gardería, e da escola infantil municipal; hai meses fixéronse precisións sobre o funcionamento e o regulamento, porque a Xunta o esixía: ¿por que non se fixeron naquel momento estas modificación que traemos agora de novo a Pleno?. Podemos comprender que unha escola infantil municipal ten que adaptarse á realidade social, pero é que hai previsións que xa se poideron ter en conta, hai anos, como a que a do artigo 10, na que se especifica que os nenos e nenas que teñan irmáns con praza renovada no centro terán prioridade para entrar,(e que esto é de perogrullo Sr. Alcalde). Este modelo que propicia a conciliación familiar e laboral, contribúe á unificación familiar, esto , xa o tiñamos que ter superado; esta modificación xa tiña que ser feita, cuando mesmo, cando se fixo o Concello cargo da Escola Infantil, tamén tiña que estar aplicándose a excepcionalidade que sinala o horario de oito horas, agás por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas. En fin : unha vez máis chegamos con retraso. Outra das modificacións que substitúe o horario, reducido en agosto polo peche neste mes da escola, non acabamos de entender, este cambio si que podería ser un retroceso na conciliación familiar e laboral, tal e como dicía a compañeira Ánxela. Vostedes escúdanse en que nas escolas infantís que dependen da Xunta si se está facendo, pero ás veces parece que imitamos os modelos só cando nos convén.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, vamos a ver: como dixen, como se dixo aquí, os cambios son a proposta dos técnicos, en primeiro lugar; en segundo lugar, o reglamento é algo como todo o mundo sabe, dinámico, que se vai adaptando ás circunstancias e as necesidades según se van vendo, como é lóxico; y en terceiro lugar decir que, vamos a ver, aparte da guardería, nos colexios de primaria e os outros tamén cerran no verao, e non pasa absolutamente nada porque a cousa é así, en primeiro lugar, e en segundo lugar, os nenos necesitan un mes de vacacións tanto sexan en idade escolar como preescolar, como na guardería eso xa, e usted que é profesora debíao saber, porque é así



ademais, porque loxicamente estamos ultimamente, en moitos casos, buscando donde aparcar os nosos fillos simple e llanamente, porque temos necesidade o mellor logicamente, de tal e como esta nestes momentos a situación, pois de buscarnos subterfugios para eso. Entonces, neste caso nós damos o servizo que corresponde; non o facemos exclusivamente nós, faise habitualmente, e os motivos entre outras cousas son ises. Y en terceiro lugar dicirlle, o Concello de Barbadás ten unha guardería, efectivamente, e si puidera ter dúas tería dúas, e si puidera ter tres tería tres, pero temos o que podemos pagar, e como vostedes poden ver e saben ben, e lle consta na documentación que lles demos, afortunadamente por ser coherentes e ter o que podemos pagar, estamos nunha situación privilexiada que poucos ayuntamentos de Ourense, de Galicia, e posiblemente de España se poden permitir que é ter xa o que todo o mundo ansía que é ter o déficit cero, e a deuda cero, como se ve despois no informe e na memoria da Interventora. Entonces, nós temos o que podemos; evidentemente si puidéramos ter máis seguramente que o íbamos ter, pero nós somos os máis interesados en dar os máis e maiores servizos, pero os recursos son os que son, e, entonces pois consideramos que no seu momento non se puido optar a outra guardería por non ter máis recursos, e cremos e pensamos que o fixemos ben, porque o Estado, o “papá Estado” chega un momento que non pode resolverse todos os problemas, e teremos que de algunha maneira, pois, adaptarnos á situación que ten cada administración. Moi ben, e nada máis. Eu o que pretendo, e someter a aprobación estas modificacións, e miren se queren tomar a palabra loxicamente.

A Sra. González toma a palabra: Mire para empezar, no decreto 329 do 2005, pon que cada centro abrirá un mínimo de oito diarias, en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres, e doce meses ao ano, eso.. para empezar. Para continuar, os nosos fillos non son coches, nin os aparcamos. Os nosos fillos e as nosas fillas son persoas, e ningún pai, ningunha familia aparca ós seus fillos nunha gardería si non ten absolutamente necesidade. Como pode, como vostede ben sabe, que é Alcalde deste Concello, e porque está metido en política e porque é un cidadán, estamos nun momento moi malo, e a xente non elixe as vacacións no mes agosto; a xente ten as vacacións cando pode.. si as ten, máxime nos tempos que corren. Entonces desde aquí, non podemos obrigar a ningunha familia, a ningunha, a que os seus fillos teñan vacacións en agosto, ¿de acordo?, a ningunha familia podemos obrigar, entonces en agosto; o servizo ten que estar aí, e as familias recollerán ós seus fillos e terán as vacacións cando lle corresponda e cando poidan, poida que en febreiro, poida que en agosto, pode que en marzo, pode que en xaneiro,.... cando llas den e cando poidan telas. Vale? En todo caso, nós temos a obriga de ofertar ese servizo, máxime cando hai nenos e nenas e familias que o



precisan no mes de agosto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Grupo Socialista.

Ten a palabra a Sra. Morenza: No Partido Socialista coma non podía ser menos, non estamos de acordo co seu discurso economicista, Sr. Alcalde, porque nos aburre. Vostede só traballa con números, e nós traballamos con personas, pensamos con personas. Esta medida é un retroceso; esta reforma neste sentido das vacacións no mes de agosto é un retroceso, porque estamos condicionando ás familias a coller as vacacións nun mes, cando ao mellor non as poden coller, porque hai moitas persoas que traballan na empresa privada, hai moitas persoas que bo é si incluso conservan o seu posto de traballo; non están para esixirille a ningún empresario as vacacións no mes de agosto, polo tanto imos votar en contra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: En todo caso tamén partimos da premisa que estivemos sempre hasta o de agora, no mes de agosto aberto, y chegamos á conclusión que no mes de agosto, hai un porcentaxe de dez nenos, dez nenas. Hai un dez por cento, e chegamos a esta conclusión .

A Sra. González toma a palabra: Con dereito a ser atendidos, sexa o número que sexa...

Continúa o Sr. Alcalde: Co cal, chegamos a esta conclusión pola experiencia que leva funcionando, non é arbitrariamente. Nada máis, vamos a someter a votación este punto, votos a favor, votos en contra (a votación faise a man alzada). Queda aprobada cos votos do Partido Popular, e en contra o Partido Socialista e o BNG.

Sometido o asunto a votación , resulta aprobado, cos votos a favor do PP, e os votos en contra do PS de G- PSOE, e do BNG, o seguinte acordo: **“ Aprobación inicial da modificación do Regulamento Interno da Escola Infantil Municipal, subordinado á autorización da Xunta de Galicia”**

Pasamos ó seguinte punto.

3.- XUSTIFICACIÓN DA DECLARACIÓN MUNICIPAL DE SERVIZOS PRIORITARIOS, URXENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Ten a palabra a Secretaria Xeral: Na documentación que se presenta se xustifica a necesidade de declarar como servizos prioritarios aqueles que van a ser obxecto de un incremento de persoal, que por razóns de necesidades urxentes e inaplazables, tense que declarar como o carácter de servizo prioritario xa que, segundo o disposto na normativa vixente, existen uns servizos mínimos que debe prestar todo concello, pero o concepto de oportunidade, é un concepto político, e por tanto teno que



declarar o Pleno da Corporación. Neste caso, sométese á aprobación a declaración como servizo prioritario, o tema de parques, o servizo de mantemento de parques e xardíns, pola razón de que temos que contratar durante seis meses as tres persoas que se encarguen da limpeza e desbroce dos camiños e cunetas: un chofer de desbrozadora e dous peóns. Por outra parte, declaramos, sometemos tamén ó Pleno da Corporación a declaración de servizo prioritario, as instalacións deportivas de uso público municipal, a efectos de contratar ós dous socorristas, que atenderán as piscinas no verao, e sin os cales non se pode aperturar a instalación; e por último, a Escola de Música Municipal, habida conta que ten un réxime de funcionamento po curso lectivo, polo tanto terminan en xuño e teranse que contratar os profesores para que comencen despois do verao.

Esta Secretaría anunciou na Comisión Informativa, que isto refírese soamente a persoal laboral, e que se precisará traer de novo ó Pleno a declaración de servizos prioritarios a efectos da contratación de funcionarios interinos, para determinados programas de carácter temporal, como por exemplo é a apertura e posta en marcha do Polideportivo. O que pasa é que neste momento, ceñímonos ó que foi o persoal estritamente laboral. Gracias.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra se a quere tomar o voceiro do BNG.

Ten a palabra a Sra. González: Dende o BNG consideramos que os servizos prioritarios de urxencia e necesidade de contratación de persoal laboral, non se pode restrinxir unicamente a estes tres ámbitos que se mencionan no informe. Para o noso grupo municipal as necesidades urxentes e prioritarias pasan por garantir uns servizos sociais de calidade e capaces de abarcar o maior número de persoas posibles, y ahora nos preguntamos si pensaron nalgún momento na Gardería Municipal, e no número de nenos que quedan fora, e polo tanto sin asistencia neste sentido; si pensaron en dar cobertura a este nenos que quedaron fora; si pensaron en garantirlle a todos e cada un dos nenos en idade escolar polo menos unha comida ó día, dado que vaia a haber copago de comedores escolares, van a subir e vai a haber familias que non se poidan permitir ese luxo. Si pensaron, en ampliar a atención ás persoas maiores ou con dependencia, si pensaron na creación dun banco de alimentos, ou nun comedor social, ou na creación e na posta en práctica de medidas para evitar a exclusión social, e a atención social ás persoas nos tempos que corren, é o necesario, prioritario e urxente. O mantemento de parques e xardíns, efectivamente é moi deficitario, non é de agora é de siempre, e si ben existe no Concello unha brigada de obras, unha Concelleira adicada exclusivamente a eso, que serían os que se deberían adicar a mantelos, a ese mantemento; aproveito para decir que no parque da Solaina, por exemplo, hai columpios totalmente rotos, en calquer momento pode haber un accidente. Respecto á Escola de



Música, si que é verdade que é unha escola de música, que funciona moi ben, que efectivamente como vostedes din hai gran demanda, y está ben considerada tanto dentro no Concello coma fora do Concello. Parece estraño que despois de tantos anos funcionando non teña persoal fixo, de profesores de música, e que os teñan que estar contratando de xeito anual; y con respecto á piscina efectivamente non se abrirían en caso de non haber socorristas, si ben consideramos que non é o prioritario.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Grupo Socialista

Ten a palabra o Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE): Para nós, para o Grupo Municipal Socialista, esta situación que se nos plantexa hoxe desde o Grupo Popular, é esperpéntica e surrealista. Sistemáticamente tódolos días escoitamos a dirixentes do Partido Popular a nivel nacional reclamar a redución da administración, o desmantelamento de certos servizos esenciais, o recorte do estado de benestar, a desaparición de axudas á dependencia, e un longo etcétera... por non falar da sanidade e da educación; sin ir máis lonxe o venres pasado despiden a setecentos médicos da Comunidade de Madrid, e dous días antes a Sra. Aguirre, esixe adelgazar a administración pública nunha clara crítica ás políticas do Sr. Rajoy; desde logo que resulta sorprendente que se reduza profesorado e sanitario no sector público, que a oferta pública de emprego practicamente desapareza, pero que en Barbadás encontremos a fórmula para ampliar o número de traballadores da Administración Local: aquí atópase solución pra todo, menos para o que necesitan os cidadáns. No Grupo Socialista non imos por en dúbida a necesidade de prestar eses servizos que nos plantexa hoxe a Sra. Secretaria aquí para contratar persoal. E máis: estamos convencidos da súa necesidade, pero queremos tamén por de manifesto a incoherencia das políticas do Partido Popular; como dixo Victoria, un concello ten que traballar con persoas e non ser retén dos números, como é que aquí non existe ningunha, hai que priorizar sobre os servizos sociais; aquí non está centrada está ampliación de funcionariado cos servizos sociais. Hai que sinalar que o Partido Socialista leva anos reclamando que se presente unha RPT, aquí nos Plenos, cando se debaten os presupostos, e non se fixo; levamos alomenos dous anos nos que se nos esconde a relación de postos de traballo; nos últimos dous Plenos non se presentou a última; nos dous últimos Plenos non se presentou, non se fixo; a Sra. Secretaria acaba de confirmalo: non se fixo relación de postos de traballo. Os socialistas consideramos que este é un instrumento fundamental para poder facer unha previsión meticulosa e axeitada das necesidades de persoal do Concello e así o reclamamos en máis dunha ocasión, pero se fixo caso omiso ás nosas demandas; estou convencido que a non presentación da RPT, ten como finalidade levar a cabo unha política de contratación pouco transparente, por chamarlle suavemente, e caciquil, e máis acorde ás necesidades



do Partido Popular, que ás da veciñanza de Barbadás. Agora atopámonos en que as necesidades do Concello de Barbadás, teñen que ser cubertas en base a informes de urxencia, en lugar de estar baseadas nunha análise exhaustiva e profunda das necesidades reais do Concello e da cidadanía; volvo a insistir, que algo falla en Barbadás, queda de manifesto cando o 29 de xuño de 2012, se lle recoñeceu a oito persoas a condición de persoal laboral indefinido, despois de que interporan unha reclamación previa á vía xudicial; o mesmo ocorre o día 3 de setembro de 2012 con outros seis traballadores, e novamente o 31 de outubro con sete máis. E decir: en total no prazo de catro meses de finais do ano 2012, aumenta a plantilla de persoal laboral indefinido deste Concello en 21 persoas, 21, que debe supor practicamente unha quinta parte un 20% máis sobre o persoal que tiñamos en Barbadás. Alguén pode explicar como se fai a planificación de persoal en Barbadás? alguén mo pode contar? o Sr. Alcalde debía ser o que me respostara a esta pregunta; vostede ten que dar explicacións claras e convincentes; desde logo eu penso que lle vai a ser moi difícil: primeiro ocultan a RPT; durante dous anos non se fai a RPT; resulta que despois contratamos ou facemos persoal laboral indefinido, a 21 persoas, no prazo de tres meses, porque interpoñen unha reclamación previa á vía xudicial, e facémolos funcionarios; moi ben, eso é unha falta; persoal laboral indefinido... Estou convencido que estamos a falar dunha estratexia política co ánimo de beneficiar ó Goberno Local e que é unha proba máis, do sistema de contratación caciquil.

O Sr. Alcalde toma a palabra: En primeiro lugar dicirlle que a RPT hai unha vixente ; eso en primeiro lugar; en segundo lugar, neste momento de pouco importa facer unha nova RPT, cando non se poden cubrir plazas; y en terceiro lugar, todo ese persoal do que usted fala, xa eran indefinidas de facto, co cual, loxicamente si houbéramos ido a un proceso xudicial houbéramolo perdido, co cual indudablemente, non procede, porque temos ademais antecedentes como vostedes ben saben. Bien, en cuarto lugar, tamén quero dicirlle, vamos a ver: nós si podemos facer estos contratos son indudablemente ,porque neste momentos son necesarios; seguramente son necesarios moitos máis, pero estes son os que podemos facer a día de hoxe, porque nós temos un presuposto, temos que adaptarnos a ese presuposto e vamos a acabar o exercicio actual con déficit cero que é o que existen y que nós xa o temos , e que si nos guiamos por contratar, indudablemente, pois que máis quixéramos nós que poder das máis servizos, máis e mellores servizos, pero neste momento son os que consideramos prioritarios e o que se trata aquí agora é de aprobar esto, non é de discutir si fan falta máis ou fan falta menos, porque loxicamente todo o mundo somos conscientes de que fan falta máis y como levan y aunque a vostedes non lles guste, como levan aí na memoria económica feita pola



interventora, se poden facer isto por ese motivo. Ata o de agora o equipo de goberno, que goberna o Concello de Barbadás, ten sido coherente, sensato e tense adaptado ás circunstancias y debido a eso, pois aunque estamos nunha situación de crisis e nunha situación moi complicada que no 99% dos casos, estamos casi na quiebra financeira, nós, polo motivo que todos saben, entre outras cousas e como lle digo, por ser dalgunha maneira prudentes, pois chegamos á situación actual que a pesar deso podemos contratar aínda algunha persoa máis, porque se considere prioritario, como se vai poder contratar tamén cando sexa o momento para o Polideportivo que é outro servizo público e necesario y moito máis neste Concello donde hai moita xente nova, coma vostedes ben saben, e se vai a poñer en marcha dentro de breves días, un mes, máis ou menos, mes e medio; entón do que se trata eiquí, non é de discutir si fan falta máis ou menos, como dixen antes, senón de aprobar loxicamente estas bases, este informe que é necesario neste caso, que é necesario que se aprobe, para que previamente se poda facer despois o proceso de selección de persoal que se necesita neste momento. Moitas grazas; entón entendo que é someter a votación e pouco máis.

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Eu quero falar non sei se Ánxela

A Sra. González toma a palabra: Evidentemente vostedes priorizan por donde queren priorizar y o final as persoas y as necesidades das familias en épocas de crise déixanas fora. Vostedes priorizan pola contratación de parques e xardíns, cando isto neste momento non é prioritario, e menos sabendo que ano tras ano, tras ano, parques e xardíns están abandonados, contraten a quen contraten; eu non sei como fan, pero están totalmente abandonados, desde logo o do Polideportivo, non me quero meter moito pero , o que van facer, vai ser contratar a persoal que ao final vano facer fixo, que é o pasa neste Concello: ano tras ano, contratan persoal, despois méteno na RPT, e despois é fixo; é dicir, contrátano normalmente, xa sabemos como son as contratacións neste Concello.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o Partido Socialista

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Sr. Freire, este é un debate de fondo, non so de fondo senón tamén de formas, porque a persoa, as persoas que entren agora no Concello a traballar, vanse beneficiar cando se faga o proceso selectivo, dunha puntuación e dun baremo que está feito acorde seguramente ó que é legal, pero van ter unha puntuación adicional sobre outros concursantes, que non traballaron no Concello, co cal van ter un plus sobre o resto dos concursantes para poder acceder a un posto de traballo neste Concello, non se poden cubrir prazas, pero resulta que facemos informes de urxencia para contratar a persoal, que despois se vai a beneficiar precisamente dun baremo que puntúa ó seu favor o feito de haber traballado neste Concello. A proba da ineficacia da súa xestión a nivel de



persoal é que aínda que haxa unha RPT, esta está absolutamente superada, e volvo insistir, levan dous anos que non se fai; e a proba de que o sistema de contratación non é o axeitado, e que houbo que facer indefinidas a 21 persoas e o que estou falando agora, resulta que contratamos por un período de tempo a x persoas, homes ou mulleres, resulta que traballan para o Concello, porque é necesario ter ese persoal, pero despois vanse beneficiar precisamente dunha puntuación que xoga ó seu favor, á hora de facelo persoal laboral indefinido, e coma dicíamos antes nos tempos que corren ser persoal laboral indefinido é moito; é moito, é moi difícil adquirir esa condición para outros candidatos ou para outros traballadores, e vostedes están aquí cunhas regras de xogo que fai que ocorra isto, 21 persoas que non pasaron por ningún tipo de proba de oposición, que están traballando no Concello de forma indefinida, pasaron á primeira e despois nunca máis, e despois beneficiáronse precisamente da súa ineficacia á hora dunha política de xestión de persoal.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, vamos a ver, esas persoas e outras, todas que entran aquí, normalmente entran por un proceso, como todos saben reglado, legal, independentemente do que poidan dicir. Despois o ser indefinido, non quere dicir que sean fixos; esas personas como todos ben saben van ter que sufrir un proceso, no seu momento, selectivo y si aproban serán pois fixas e si non aproban, pois irán para a súa casa.

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Por favor Sr. Alcalde, con un baremo que xoga ó seu favor, que ten unha puntuación adicional para esas persoas que xa traballaron no Concello, polo mero feito de traballar no Concello...

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eso terase que ver no seu momento cando se convoquen as prazas, porque o día que se convoquen as prazas fixas, estamos falando, eses concurso pode ser concurso-oposición ou concurso libre; eso que hasta alá, nadie sabe como vai a ser.

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Hasta ahora en Barbadás sempre foi así, ou vaino negar?

O Sr. Alcalde toma a palabra: En todo caso, vamos a someter a votación o punto: votos a favor, votos en contra (a votación faise a man alzada), abstencións. Queda aprobada cos votos do Partido Socialista e do Partido Popular y ca abstención do BNG, moitas gracias.

Sometido o asunto a votación resulta aprobado, cos votos a favor do PP, os votos en contra do PSdeG-PSOE, e as abstencións do BNG, o seguinte acordo: “ 1º- Declaración de servizos prioritarios ós efectos de contratación de persoal laboral para o ano 2013, os seguintes:

- **Mantemento de parques e xardíns**
- **Instalacións deportivas de uso público municipal**



- Escola Municipal de música

2º- Declaración de necesidade e urxencia da contratación do seguinte persoal para os servizos declarados prioritarios:

Chofer máquina desbrozadora

Dous peon de xardinería

Dous socorristas

Doce profesores de música.”

Pasamos ó punto 4 que é unha moción do Partido Socialista para que o Concello de Barbadás manifeste o seu apoio e solidariedade cos traballadores e traballadoras do sector de grandes almacéns e para protexer o pequeno comercio

4- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA QUE O CONCELLO DE BARBADÁS MANIFIESTE O SEU APOIO E SOLIDARIEDADE COS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO SECTOR DE GRANDES ALMACÉNS E PARA PROTEXER O PEQUENO COMERCIO

Ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira

O Sr. Valcárcel procede á lectura da moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Recentemente como todos sabemos, foi asinado por dous sindicatos empresariais, concretamente Fetico e Fasga, o convenio colectivo para os grandes almacéns. Un convenio que non foi respaldado por ningún dos sindicatos de clase como son CC OO, UXT, LAB, CIG e ELA-STV

Trátase dun convenio que terá unhas importantes repercusións nas condicións laborais dos traballadores e traballadoras do sector xa que contempla importantísimos recortes de dereitos recollidos en acordos anteriores.

A merma de dereitos afecta a múltiples aspectos pero no Grupo Municipal Socialista de Barbadás queremos mencionar os máis salientables.

Teoricamente recolle a conxelación de salarios durante 4 anos, pero na realidade é que é un recorte do soldo debido a que se aumenta a xornada laboral.

Pero ademais, durante a vixencia do convenio non se ten presente a taxa de inflación prevista que estará perto do 8% de xeito que os traballadores e traballadoras terán un salario real moito menor do actual con máis horas de traballo.

Como xa dicía antes, a xornada laboral vese incrementada anualmente en 28 horas co mesmo soldo.



Pero é que ademais no novo convenio elévase o número de domingos e festivos a traballar, de un mínimo de 6 pasa a 9 anuais, creo que este domingo que ven xa traballa, xa traballan gratuitamente Tamén desaparece como dereito o cobro por traballar en festivos igualando o traballo en domingo ou festivo con calquera outro día da semana non percibíndose compensación salarial algunha.

Outro recorte de dereitos é o que afecta ás vacacións xa que se rebaixa o número de días a disfrutar en periodo estival, pasando de 21 a 15 días.

Para os Socialistas de Barbadás é gravísimo que os contratos formativos contemplan un salario aproximado de 450 €/mes introducindo así os “minijobs” no sector

O Sr. Valcárcel explica o sentido da moción: E agora afirmo, seguro que moitos de vostedes pensan que este Pleno no é o lugar para debatir sobre un convenio colectivo, estou convencido de que sí é o lugar axeitado e por varios motivos, os convenios colectivos repercuten non so nos traballadores e traballadoras, son ademais un espello onde poder ver o tipo de modelo económico-social cara ó que se encamiña a nosa sociedade. Este convenio é un exemplo clarísimo do que pretende algún sector da patronal, apoiado por unha lexislación laboral que recorta sistematicamente os dereitos dos traballadores e das traballadoras pero este acordo tamén afecta ó futuro do noso Concello, dun xeito para min moi evidente. Somos unha zona de expansión natural de Ourense, un Concello no que se estableceron grandes superficies comerciais coas que teñen que convivir os pequenos comerciantes de Barbadás. Os socialistas de Barbadás consideramos que os dous tipos de comercios deben e poden coexistir harmonicamente, seguro que hai espacio para ambos, pero con este convenio ráchase con esa posibilidade de coexistencia que debería favorecer a creación de postos de traballo. Este convenio racha co equilibrio a favor dunha parte, concretamente das áreas comerciais, e polo tanto supón posiblemente, a destrucción de postos de traballo no pequeno comercio, e por suposto recorte de dereitos dos traballadores das superficies comerciais, e dende logo o Grupo Socialista está en contra das dúas cousas, non queremos recortes de dereitos e tampouco queremos que merme o pequeno comercio. Este convenio polo tanto afecta incluso ó modelo económico que desexamos para o noso Concello, e que hai que ser muy curto de miras para non ver esta circunstancia.

Continúa o Sr. Valcárcel co contido da moción:

Estamos falando dun convenio que en Barbadás afecta directamente a dúas empresas que son Carrefour e C&A que empregan a un bo número de veciños e veciñas do noso concello e que van sufrir un empeoramento considerable das súas condicións laborais e tamén da súa calidade de vida en xeral.



Falamos dun convenio ademais, que é un marco regulador de referencia para todas as actividades comerciais a nivel estatal, autonómico, provincial e tamén de empresa.

Por esta razón é un convenio que terá indirectamente unha importantísima repercusión en sectores económicos estratéxicos en Barbadás como son o da alimentación, o do textil e por suposto no pequeno comercio en xeral.

Os Socialistas de Barbadás queremos protexer ós pequenos comerciantes que sempre foron fundamentais na creación de postos de traballo.

O Sr. Valcárcel continúa explicando a moción: E aquí en Barbadás máis, temos un barrio, unha parroquia que é A Valenzá, que vive en boa parte precisamente do pequeno comercio.

Continúa o Sr. Valcárcel lendo a moción.

E tamén esiximos manter os dereitos dos traballadores das áreas comerciais xa que ambos van estreitamente vencellados: a máis recortes nas condicións laborais nas grandes superficies menor posibilidades de supervivencia terán os pequenos comercios.

Ademais hai que destacar que Barbadás é un concello no que o pequeno comercio desempeña un papel fundamental para facilitar o arraigo dunha poboación nova e que procede en boa parte de outras localidades de provincia.

Por todo esta argumentación e por toda esta exposición solicitamos o seguinte acordo:

- 1- Expresar a solidariedade do Concello de Barbadás cos traballadores e traballadoras de grandes almacéns, especialmente os de Carrefour e C&A que están ubicados no noso municipio.
- 2- Estudar medidas para paliar as repercusións do citado convenio no pequeno comercio de Barbadás.

O Sr. Valcárcel continúa explicando a moción: Volvo a insistir, o recorte de dereitos dos traballadores en beneficio das superficies comerciais repercute directamente na posibilidade de éxito, dun pequeno empresario, dun pequeno comerciante, Barbadás ten un bo número de pequenos comercios que viven dos veciños de Barbadás, entón é imprescindible que vostedes apoiem esta moción.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Ben, participando no fondo desta moción, polo que o Bloque Nacionalista Galego, xa anunciou que vai a votar a favor do primeiro punto, o segundo punto si que poderíamos falar máis polo miúdo del. O que se nos trae aquí por parte do Grupo Socialista é a análise dun convenio colectivo que está asinado entre dúas centrais sindicais que son Fetico e Fasga, que eu non sei que representatividade teñen, si son máis representativas ou menos no ámbito de actuación de



estas dúas áreas comerciais y hai outros sindicatos de clase que efectivamente quedaron fora deste convenio colectivo. Hai que lembrar que estes convenios colectivos son un acordo que se acada entre os representantes dos traballadores e os representantes dos empresarios, polo tanto, eu pouco vexo que poida facer unha institución local como é o Concello de Barbadás, para intervir na sinatura ou na mellora dun convenio colectivo, en todo caso, si que se pode intervir na mellora da calidade de vida dos traballadores, dos veciños do noso Concello; en Carrefour haberá traballadores de Barbadás, haberá traballadores doutros concellos da provincia ou doutros lados y aí si que debería incidir o Concello. En canto única e exclusivamente falar dun convenio colectivo de dúas empresas, a min paréceme que é unha moción que queda verdadeiramente coxa, coxa, porque quen nola presenta é o Partido Socialista, y claro a min o que me sorprende escoitar cuestións como as que comentou o portavoz do Partido Socialista, cando esixía ó Alcalde de Barbadás coherencia, cando todos coñecemos cal é a historia do Partido Socialista no Estado Español, as grandes reformas laborais que perxudicaron gravemente ós traballadores do noso País, foron sempre comezadas polo Goberno Socialista no Estado Español, só hai que lembrar as dúas folgas xerais que se lle montaron con carácter estatal ao Partido Socialista cando gobernaba Felipe González; reformas laborais que implicaron a absoluta desregularización, das relacións laborais e dos contratos laborais existentes no Estado Español; reforma que incidiu gravemente ,de Zapatero no ano 2009, desregulando non solo as relacións laborais, senón tamén o entendemento das empresas co Estado Español, cando agora facer un ERE sale practicamente gratis, cando os despidos son practicamente gratis, y cando os convenios colectivos son absolutamente cuestións xa non sectoriais, xa non de sindicatos de clase efectivamente, senón que son convenios colectivos que se levan ó ámbito da empresa, o ámbito local, para negociar individualmente y loxicamente todos entendemos que coas dificultades que están pasando hoxe os traballadores, moi pouca capacidade de actuación ten un traballador, unha traballadora para enfrentarse a un empresario hoxe en día, y todo o que se extrae nesta moción do Partido Socialista é a consecuencia destas reformas laborais, reformas laborais que despois se encarga moi ben o Partido Popular de pechar o círculo, moi ben, detrás de Felipe González, ven Aznar y no ano 2006, realiza unha reforma laboral absolutamente bestial; detrás de Zapatero ven o Sr. Rajoy e realiza unha reforma laboral no ano 2010 absolutamente brutal, contra os dereitos laborais dos traballadores, y agora nos atrevemos a traer eiquí unha modificación nun convenio colectivo asinado polos representantes dos sindicatos.... Mire: xa nos podíamos ter acordado dos representantes dos sindicatos, cando estamos no goberno, y non cando estamos na oposición; a min me parece que desde logo os traballadores de



Carrefour, os traballadores de C&A, mais non soamente estes, eu tamén me quero solidarizar con todos os traballadores do Estado Español, que o están pasando moi mal, que teñen recortes salariais, da función pública sin ir máis lonxe, de todos os traballadores que están vendo como os seus dereitos laborais quedaron absolutamente esmagados, que son despedidos sin indemnización, que son despedidos en ERE fraudulentos, tamén en administracións como na Deputación de Ourense.... e claro, traemos dous exemplos; aprobamos a moción, vaíamos a defender ós traballadores de Carrefour, pero díganme vostedes porque non defendemos ós traballadores de Caramelo na Coruña, os traballadores dos asteleiros de Vigo, os traballadores de todo o País que están sufrindo recortes bestiais....; e despois, o segundo punto da moción, estudar medidas para paliar as repercusións do citado convenio no pequeno comercio de Barbadás, a min gustaría saber cales son as medidas que propón o Partido Socialista. Ánxela falou de medidas para paliar os efectos da crise económica na veciñanza do noso Concello, eu eiquí non vexo ningunha medida para intentar mellorar as condicións laborais de ningún dos traballadores do noso Concello.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben; a verdade e que dito sea de paso, subscribo case todo o discurso do voceiro do BNG, con relación á crítica do Partido Socialista; en todo caso, teño que dicir varias cousas: en primeiro lugar, temos que ser respetuosos, como non pode ser menos, co que negocian os sindicatos, non podemos meternos, non podemos nin debemos meternos nese tema. Punto segundo, nós tamén estaríamos de acordo, e estamos de acordo por suposto no primeiro punto: nós apoiamos incondicionalmente ós traballadores, sen ningún problema, agora ,o segundo, como tamén ven dixo o voceiro do BNG, dígame usted cales son as medidas que propón, porque a verdade sea dita, eu creo, non, estou seguro máis que creo, que desde o Concello temos pouca posibilidade de tomar cualquier medida que poida beneficiar dun xeito especial; aparte ¿ por que esos traballadores e non outros? Empezando por aí: ¿por que os traballadores de Carrefour e C&A, e non os outros traballadores como hai moitos, traballadores no Concello?, Entonces dígame usted a ver como pode facer esa diferenciación para poder facer loxicamente unha discriminación positiva ou chámelle usted como queira; en todo caso, como eu reconozco que, bueno a usted lle deron esa moción, e usted a presentou coa millor vontade do mundo, pero supoño que non se lle escapaba xa cando a viu que desde o Concello teríamos poucas posibilidades de tela en conta, sobre todo na segunda parte; nada máis. Ten a palabra.

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Mire Sr. Freire, o seu discurso é absolutamente demagógico. Absolutamente demagógico; o do Bloque tamén, pero vamos vai na súa liña neste caso



apoiar a un determinado grupo de persoas, que me parece fenomenal, e nós tamén os apoiamos, pero o seu é absolutamente demagórico. En primer lugar o Partido Socialista con esta moción non pretende intervir nas negociacións, as negociacións teñen un cauce que está establecido legalmente, que evidentemente foi o que se seguiu, e foi aprobado ese convenio por unha parte dos sindicatos e pola representación empresarial, nós o que queremos é aquí expresar a solidariedade cunhos traballadores concretos, que ademais viven e residen no noso Concello e traballan no noso Concello, polo tanto aquí un plenario dun Concello, o que ten é a facultade de solidarizarse con eses traballadores, si estivéramos en Ourense, o mellor mencionaría a Cortefiel, por exemplo; o mellor mencionaría os traballadores do Centro Comercial; no o fago porque eses traballadores non están ubicados no Concello de Barbadás, e polo tanto, a nosa solidariedade aquí de pouco serve, aquí témonos que solidarizar cos traballadores que traballan en Barbadás e que residen en Barbadás, por outra parte, hai que lembrar que o Partido Socialista pode cometer moitos erros gobernando, é certo, como cometen outros, como comete o Bloque onde governa, que nadie está libre de cometelos e como os comete o Partido Popular, pero desde logo que o Partido Socialista trouxo a este País grandes avances sociais nun momento determinado; Noutro momento tamén nos equivocamos, pero é certo que aquí fíxose mención a Felipe González, e Felipe González foi, os Gobernos de Felipe González foron, os que trouxeron o maior avance de dereitos sociais neste País, eso é indubidable, de ningún xeito, eso está clarísimo, entón, precisamente pola capacidade de negociación queremos, pola falta de posibilidade de intervir nunha negociación é polo que amosamos, queremos expresar a nosa solidariedade con estes traballadores, como decía ,Carrefour e C&A están instalados aquí e aquí falaban que botan de menos as propostas do Partido Socialista para apoiar o comercio local; Sr. Freire nós non gobernamos, como di vostedes moitas veces; a nós os veciños e veciñas de Barbadás puxéronos na oposición; e nós facemos o noso traballo que é o de controlar e o de esixir, pero tamén lle quero lembrar que vostedes a parte de cobrar un sueldo determinado, que é moi axeitado para os momentos de crisis que nós vivimos; moi superior o que probablemente merezan, teñen que poñerse a traballar, e polo tanto, poñan as súas mentes en funcionamento para dar ideas, pero recordareille que o Partido Socialista haberá algo así como dous ou tres anos, fixo unha proposta que trouxo aquí a un plenario, sobre o comercio local e que continúa, creo lembrar, si doce ou quince propostas para apoiar o comercio local, e creo lembrar que vostedes votaron en contra, polo tanto teñen enriba da mesa a proposta do Partido Socialista que sigue vixente dende hai dous anos ou tres, non sei exactamente a data, para que apoiem ó comercio local, fixeron caso omiso dela, téñena enriba da mesa desempólvena e aprovéitena e non



faga demagogia.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG

O Sr. Fírvida toma a palabra: Moi brevemente, eu non veño aquí a debatir sobre o pasado de ningunha outra formación política, e en todo caso, eso que manifestamos, e que isto é consecuencia a desregularización laboral e consecuencia dos sucesivos gobernos do Estado Español, que se adicaron a través das reformas laborais, a que os traballadores teñan cada vez menos dereitos; e no Carrefour e C&A, seguramente hai traballadores de Barbadás e hai traballadores doutros concellos, e hai traballadores de Barbadás que están en outros concellos; polo tanto, baixar ao concreto nunha cuestión tan persoal como un convenio colectivo, nun sector determinado, nunha empresa determinada,... a min paréceme quedar na superficie do problema; isto é un problema de fondo, é un problema de dereitos sociais e laborais que se foron perdendo alarmantemente nos últimos catro anos as conquistas sociais; lembrábase, hai pouco foi o día 1 de maio, o día dos traballadores, que se recorda a morte de moitos traballadores e moitas traballadoras que deron a súa vida na defensa dos dereitos laborais, que foron asasinados en Chicago, que despois foron asasinados en Europa, por unha xornada laboral de oito horas; esos dereitos perdéronse, perdéronse nos últimos catro anos a pasos axigantados; estamos retrocedendo o conseguido en un século e medio, e isto é unha moción que si, eu digo votamos a favor desta moción como se podía ter presentada unha por cada un dos comercios, dos talleres, dos baixos que hai no noso Concello, que hai en Ourense, que hai no Carballiño, que hai en Verín,... y claro, vir con unha cousa dun convenio colectivo, onde pouca capacidade de actuación se ten dende a administración pública, porque o problema está en como se regulan os convenio colectivos, non en como se aproba un convenio colectivo de unha empresa, eu creo que isto é un problema moi particular, moi persoal de un grupo de traballadores que desde logo contan coa solidariedade do Bloque Nacionalista Galego, como todos os demais do País.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Bueno, bien, eu si todos están dispostos, eu o que lles propoño en principio, si estamos todos de acordo, no primeiro punto votar por separado; creo que no primeiro puntos todos estamos de acordo en apoiar ós traballadores, como non pode ser de outra maneira; o segundo punto votámolo por separado.

O Sr Valcárcel toma a palabra: Trátase tamén de apoiar ó comercio local, unha cousa vai vencellada intimamente á outra. Os recortes de dereitos laborais, afectan non só a eses traballadores senón que repercuten tamén directamente no modelo económico que queremos para o noso Concello;entón vai vencellado; entón vostedes teñen que traballar para arbitrar unha serie de medidas



que poden favorecer a estes comerciantes, e aquí como dixen antes xa puxemos enriba da mesa unha serie de propostas, haberá dous anos e pico, e vostedes non a votaron a favor, e agora vótanos en cara, a posibilidade de que nós, de que aquí non facemos ningunha proposta en positivo; ¿ como que non facemos unha proposta en positivo? o que non vamos é facer un relatorio das quince propostas que fixemos no seu día e que vostedes votaron ó lixo, así de claro, suscribo o que acaba de decir o voceiro do Bloque Nacionalista Galego; perfectamente, todo o que acaba de decir suscribo na súa integridade, que ocorre que nós representamos ós veciños e veciñas de Barbadás y eu solidarízome neste caso con eles, e de feito solidarízome tamén con todos os traballadores que están afectados por outros problemas laborais, é así, perdéronse moitos dereitos nestos últimos catro anos, é certo, pero grao a grao pódese a volver a facer montaña, e temos que loitar desde as nosas posibilidades, que as nosas posibilidades están circunscritas exclusivamente aquí Barbadás para apoiar a esos traballadores, eso é o que demando: que cada un aporte o seu grao de area, para poder millorar unha situación que cada vez é máis inestable e máis difícil; entón desde Barbadás reclamo que se apoie a estes traballadores porque viven e traballan aquí en Barbadás, porque estas superficies comerciais están ubicadas aquí no noso Concello, porque repercute directamente sobre os comerciantes do noso Concello. Se eu vivira en Ourense e fora representante político dos veciños e veciñas de Ourense, como dixen antes, apostaría evidentemente nesta moción por outros sectores económicos probablemente, pero vivo aquí, resido aquí e fago a miña vida aquí, e a mi o que me reclaman os veciños e traballadores deste Concello é que traballe sobre este tema.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois entendo que vamos votar conxuntamente; nós poderíamoslle decir loxicamente..., poderíamos votar a favor perfectamente, pero para despois non poder levar a cabo a moción ou polo menos que non teña significado real a moción, pois para que vamos chamarnos a engaño, nin facerlle falsas expectativas á xente; nós desde aquí non íbamos poder facer moito, obviamente, con relación ó que usted pide, entonces.

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Déixeme intervir uns minutos Sr. Freire, vostede circunscribe a moción exclusivamente ós traballadores, é unha moción que non está pensada en relación aos traballadores de C&A e Carrefour e das áreas comerciais; circunscríbese tamén ó modelo económico que desexamos para o noso Concello, e ó apoio e repercusión que teñen eses recortes no futuro económico deste Concello.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, creo que nos estamos excedendo na intervención; efectivamente, eu creo que procede someter a votación o punto, votos a favor, votos en contra, (a votación faise a



man alzada), pero que quede matizado coma dixen antes polo motivo, porque loxicamente votar a favor é moi fácil, quedar ben é moi fácil, pero ao final o sentido práctico vai ser cero, ese é o motivo polo que votamos en contra, nada máis.

Sometido o asunto a votación resulta, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: “ Rexeitamento da moción presentada polo PS de G- PSOE para que o Concello de Barbadás manifeste o seu apoio e solidariedade cos traballadores e traballadoras do sector de grandes almacéns e para protexer ó pequeno comercio”.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á seguinte moción do Partido Socialista, que quere instar á Xunta a paralizar a decisión de incrementar os copago nos comedores escolares. A moción sete do BNG, vai no mesmo senso, si están de acordo debatímola conxuntamente, se queren votámola conxunta ou separadamente despois, en función de como vaia o debate.

A Sra. Morenza toma a palabra: Debate conxunto pero votación separada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Perfecto, bien, como está primeiro o Partido Socialista, ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

5- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA A PARALIZAR A DECISIÓN DE INCREMENTAR O COPAGO NOS COMEDORES ESCOLARES.

Acordase o debate conxunto das mocións do PSdeG-PSOE, e do BNG sobre o novo copago en comedores escolares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Barbadás é o paradigma do crecemento demográfico a nivel autonómico. Sen embargo, estamos moi lonxe de promover medidas que contribúan ou propicien a natalidade. Todos sabemos que esta situación obedece a unha serie de **coincidencias** que pouco teñen que ver con decisións políticas.

Unha familia media en Barbadás, con idades entre os 30 e os 45 anos e con 2 fillos padeceu nos últimos anos unha situación complicada. **Cóbrase por todo, auméntanse as taxas das escolas deportivas, das actividades extraescolares, das ensinanzas musicais, pero isto non parece ser suficiente.** Parece ser que a estratexia dos gobernantes do PP no Concello, na Xunta e no Goberno Central é **estrangular á clase media** ou mesmo provocar a completa desaparición.

En Barbadás hai ó redor 300 cativos que usan os comedores escolares nos colexios públicos e que, de un xeito ou doutro, directa ou indirectamente, **se van ver afectados polo REPAGO**. Os escolares pasarán a estar estratificados, clasificados, estigmatizados.



Poderán ter a gran sorte de que a súa familia estea na porcentaxe do **56,74 %** que terán o servizo de comedor gratis. En fin, pasarán a formar parte dese grupo de privilexiados (no sentido pexorativo da palabra) que poderán ter o que **ata agora era un dereito universal**. Pero estar nese 56,74 % significará tamén que se atopan entre as familias con unha renda moi, moi inferior á media. Pertencer a este estrato é un **xeito máis que ten o PP de sinalar co dedo ós máis desfavorecidos**. Pero indica ademais que a situación socioeconómica do país está á deriva precisamente pola ausencia de políticas activas que redunden na calidade de vida.

Por outro lado, haberá nenos e nenas que engrosarán as filas do **23 % de familias que terán que pagar o custe real íntegro do comedor**. Ata 4 clasificacións ten deseñadas a Xunta para os cambios que se introducirán o vindeiro curso co incremento do copago nos comedores escolares.

Este é o esbozo no papel, as cifras que tanto lle gusta manexar ós gobernantes do PP. Pero **de detrás dos números hai persoas, historias cotiás, dramas sociais, desestruturación, pobreza, dificultade para comer tódolos días**. Detrás da porta de cada familia que se vai ver afectada por esta decisión do REPAGO hai unha economía doméstica na que a maioría das veces as contas non saen.

O repago condeará ós nosos cativos á **cultura da fiambreira**. Os escolares xantarán en salas diferentes, uns comerán a comida quente e outros fría, aparecerán as xerarquías. Resulta inadmisíbel que isto aconteza nas escolas públicas. A Xunta que dirixe Núñez Feijóo está impulsando políticas que facilitan a desigualdade de dereitos, a de oportunidades e a de xénero.

¿Cómo lle podemos pedir a unha **familia mileurista** que pague 100 euros ó mes por un fillo para facer uso do comedor escolar? **¿Por qué se abandoa o criterio de dispersión poboacional** para definir quen se beneficia deste servizo? ¿Por qué se baixan 32 puntos a porcentaxe de alumnos que comerán gratuitamente? ¿Por qué unha parella con 1 fillo con uns **ingresos entre os dous de 1.501 €** teñen que pagar o comedor, aínda que a súa casa quede lonxe do colexio?

Estas preguntas son as que deben contestar o secretario xeral de Educación e Cultura, Xesús Oitavén, o conselleiro de Educación, Jesús Vázquez ou o mesmo Feijóo.

Como políticos temos a responsabilidade de actuar, de tomar decisións efectivas. Esta non o é porque **a propia Xunta reconece que este cambio non lle reportará aforro algún porque o diñeiro destinarase a asumir a xestión de comedores que dependan de colectivos de pais e de concellos**.

Esto é o colmo da ousadía porque hai que ter en conta as cifras reais e as súas consecuencias:

Case **20.000 escolares** de toda Galicia terán que pagar comedor.

Ata agora o **92 %** non pagaba polo menú escolar (o criterio do transporte definía a situación)



O decreto obrigará a pagar ó 44 % entre 1 euro e **4,5 euros**.

A Xunta destina **240 millóns** de euros anuais ó ensino concertado.

O Goberno de Feijóo destina **3 millóns de euros a centros que segregan por sexo**.

En España hai **3 millóns de nenos** e nenas que teñen dificultades incluso para facer todas as comidas diarias e só poden comer unha vez ó día.

Este cambio drástico afecta a **75.000 familias**.

O **Consello Escolar de Galicia** está en contra desta medida, como así o demostrou a decisión da maioría dos seus membros.

O **Grupo Municipal Socialista** está en contra deste novo tesoirazo por considerala unha **medida regresiva**, que frea o insalvable reto demográfico e supón unha traba para as parellas que queren ter fillos. O que se está cuestionando con este tipo de políticas é a gratuidade dos servizos públicos en aras de decisións economicistas porque **a educación está deixando de ser un servizo público** cos gobernos do PP. Hai que lembrar que primeiro foron os recortes no profesorado e no persoal vencellado ó ensino, agora é o REPAGO dos comedores, o incremento das taxas de ensinanzas especiais e nun futuro próximo **anticipamos que a regresividade afactará ó transporte escolar**.

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1- Instar á Xunta a paralizar a decisión de incrementar o copago** nos comedores escolares por considerala unha medida que rompe o principio de igualdade no acceso ó ensino público.
- 2- Reclamar do Goberno de Galicia que se manteña nas condicións actuais a gratuidade vencellada a factores como a distancia e a necesidade de transporte.**
- 3- Trasladar á Xunta o rexeitamento dunha medida que suporá a extensión do uso da fiambreira e a estigmatización dos estudantes** nos centros de ensino públicos.

MOCIÓN DO BNG SOBRE O NOVO COPAGO DOS COMEDORES ESCOLARES **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado día 12 do mes de marzo, o goberno do PP na Xunta de Galiza deu a coñecer un novo recorte no dereito á educación dos galegos e galegas cunha medida que afecta directamente ao alumnado do noso país. O goberno do PP anuncia a ampliación do copago do servizo de comedor escolar.



Esta decisión carga sobre as precarias economías das familias a obriga de facer fronte ao pago dunha parte importante deste servizo. Un servizo necesario para garantir un dereito fundamental como é o Dereito á Educación que, con esta imposición do goberno do PP, vén a deteriorar o ensino público no que respecta ao servizo de comedores escolares.

Esta actuación do goberno do PP na Xunta de Galiza evidencia a súa despreocupación polo ensino público, provocando o seu deterioro polos sucesivos recortes dos últimos anos: recortes no número de profesores e profesoras; recortes nos orzamentos dos centros; recortes nas axudas para libros, nas axudas para bibliotecas, atrasos nas transferencias económicas para comedores escolares, recorte no servizo de comedores, empeoramento das condicións socio-laborais do profesorado, recortes nos servizos de normalización lingüística e unha longa cadea de despropósitos que deterioran un servizo público básico da sociedade.

Pola contra, todos estes recortes no ensino público contrastan cos 240 millóns de subvención ao ensino concertado, cos 3 millóns de euros de subvención para centros que segregan ao alumnado por razón de xénero e que o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declarou ilegal.

No noso concello son 99 nenas e nenos transportados que pasarían a pagar polo servizo de comedor escolar, e moitas/os outras/os os que sufrirían un incremento do seu prezo de maneira moi considerábel.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.

Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.

A Sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas, pois ben, no PSdeG estamos, como non podía ser menos, en contra de implantar nos colexios de Barbadás a cultura da fiambreira; non queremos contribuír á estigmatización dos escolares; opoñémonos ó clasismo ,a estratificación social que vai supoñer o repago, xa non lle chamamos copago, repago dos comedores escolares, desestructuración, pobreza, dificultade para chegar a fin de mes, e para comer tódolos días. Sr. Alcalde, estes casos



acontecen eiquí no noso Concello; este é o panorama de moitas familias que se van ver afectadas por este novo ataque das políticas do PP, ós máis desfavorecidos; fala o Conselleiro de que en moitos casos, só terán que pagar un euro por cativo ou cativa, pero esta contía hai que multiplicala polos aproximadamente 22 días lectivos que acuden os escolares ós comedores, e na maioría deste casos hai que multiplicar por dous ou tres escolares por familia, e as contras ás familias non lle van saír; hai que ter en conta que ademais en Barbadás o Concello, cobra ata polo aire que respiramos, e as familias padecen as drásticas e implacables subas das taxas das Escolas Deportivas, das actividades extraescolares, do Bos días cole, da Escola de Música, etc, etc, etc..... Nunha recente entrevista do Concelleiro de educación, quedou en evidencia, porque nin sabía canto se ía ingresar a partir de agora co repago; aínda se descoñece cal vai ser o sistema que se vai a utilizar para organizar ós nenos, cuxas familias teñan que optar pola cultura da fiambreira; Jesús Vázquez di que se van a establecer unhos mecanismos nos centros, pero nos centros non lle saben nada sr. Alcalde: nin quen vai a atender a eses cativos, nin cal vai ser o método organizativo; non se sabe que se vai supoñer un custo adicional, nin si os locais teñen que ter unhas características especiais; estamos “in albis”, improvisando; o único que sabemos é que haberá nenos de primeira categoría que poderán xantar comida quente, e outros que coma uns apestados padecerán o clasismo, en suma, un retroceso de corenta anos sr. Alcalde, e o flamante Conselleiro de educación, Ourensán, por desgraza neste caso, di que o novo sistema é máis xusto, equitativo e progresivo...; Estase rindo de nós, estase literalmente rindo de todos os galegos e galegas; hai un par de anos o Conselleiro dixera, aínda o lembramos, que os comedores escolares non se fan tocar, e implantan agora o repago; agora di que de ningún xeito se vai a implantar o copago no transporte escolar, e agardaremos acontecementos, porque as hemerotecas están aí, para consultalas, e a realidade dos feitos tamén está aí; a realidade dos feitos ós que nos teñen acostrumbrados os dirixentes do Partido Popular, que aparecen nas nosas mentes, e sobre todo nas mentes das familias afectadas por este tesourazos, como unhos señores cunhas grandes tesouras,... así é como se lles vende a cidadanía;¿ como lle podemos pedir sr. Alcalde, a unha familia mil eurista, que pague cen euros ó mes por un fillo, para facer uso do comedor escolar?¿ por que se abandoa o criterio de dispersión poblacional para definir quen se beneficia deste servizo? Ata agora, os nenos transportados non tiñan que pagar transporte escolar; agora si; agora abandónase ese criterio nunha provincia, por exemplo como pode ser Ourense, cunha clara dispersión poboacional donde cada neno vive nun punto diferente do pobo; ¿por que se baixan 32 puntos a porcentaxe de alumnos que comerán gratuitamente?, 32 puntos Sr. Alcalde, ¿por que unha parella con un fillo cuns ingresos entre os dous



de 1.500 euros, teñen que pagar o comedor aínda que a súa casa quede lonxe do colexo?. Como políticos temos a responsabilidade de actuar de tomar decisións efectivas; vostede está atado de mans e pernas, e non as pode tomar, esta non o é, porque a propia Xunta recoñece que este cambio, isto é o máis grave, non lle reportará aforro algún, porque o diñeiro din, destinarase a asumir a xestión de comedores que dependen de colectivos de pais e de Concellos. Non acabamos de entender por que se levan a cabo entón estas medidas, nun momento tan crucial e tan desastroso como o que estamos vivindo, isto é o colmo da osadía, porque hai que ter en conta as cifras, as cifras ás que recurren vostedes cando lles interesa, claro. Case 20 mil escolares de toda Galicia terán que pagar o comedor, ata o de agora o 92% non pagaba polo menú escolar, o decreto obrigará a pagar ó 44% entre 1 euro e 4,5 euros, a Xunta destina 240 millóns de euros anuais ó ensino concertado, esa cifra está aí; o goberno de Feijóo destina tamén 3 millóns de euros a centros que segregan por sexo; en España hai 3 millóns de nenos e nenas que teñen dificultades incluso para facer todas as comidas ó día; este cambio drástico afecta, e seguimos utilizando as cifras que tanto lle gustan, a 75 mil familias de galegos e galegas, e hai que ter en conta tamén, un órgano importante neste caso, é o Consello Escolar de Galicia, e está en contra desta medida, como así o demostrou a decisión da maioría dos seus membros; e por último outro dato: o 23% das familias terán que pagar o custe real íntegro do comedor, 4,5 euros. O Partido Socialista trae esta moción a Pleno para adoptar o seguinte acordo:

Instar á Xunta a paralizar a decisión de incrementar o copago nos comedores escolares por considerala unha medida que rompe o principio de igualdade no acceso ó ensino público.

Reclamar do Goberno de Galicia que se manteña nas condicións actuais a gratuidade vinculada a factores como a distancia e a necesidade de transporte, e por último e o máis importante:

Trasladar á Xunta o rexeitamento dunha medida que suporá a extensión do uso da fiambreira e a estigmatización dos estudantes nos centros de ensino públicos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra para expoñer a súa moción o voceiro do BNG.

O sr. Fírvida toma a palabra: Por non repetir todo o argumentario que deu a compañeira do Partido Socialista, co que estou totalmente de acordo, moito do que xa ela comentou eiquí, está na exposición de motivos do Bloque Nacionalista Galego, entón ,para non repetirme porque coincide absolutamente con ela en todo, eu creo que o que nos van a obrigar e a mandar aos nenos coa declaración da renda entre os dentes cando acceden a un centro de ensino público, que é o ensino que nos garantiza que seamos todos iguais na sociedade, non coma nos privados e non coma os concertados; como nos comentaba Victoria, a Xunta de Galicia adica 3 millóns de euros aos colexios privados que segregan ó



alumnado en función do seu sexo, en contra do que dí a sagrada Constitución que tanto defende o Partido Popular; pois a eso se adica a Xunta de Galicia; a eso se adican o recursos públicos, cando se detrae diñeiro do ensino público; non é unha cuestión baladí; non é como dí o Conselleiro de Educación, que se trata de aforrar, de cadrar as contas, non; o problema non é cadrar as contas, nin aforrar: o problema é detraer diñeiro do ensino público, para adicalo ó ensino privado; a xente pudiente os ricos están desexando que o goberno do Partido Popular aplique recortes na sanidade e no ensino público, porque eles non fan uso desa sanidade nin de ese ensino e sítense moi beneficiados cando os recursos do Estado, en vez de ser aplicados alá onde ten que ir, a cidadanía que máis o sofre, se poden adicar a cuestións das cuestións privadas, como centros de ensino privados; esa é a política do Partido Popular. Hai lembrar o que sucedeu por exemplo cos libros de texto: había un sistema universal e gratuíto, onde en este País, en Galiza, por primeira vez na historia, todos os nenos e todas as nenas deste País que iban ó ensino público tiñan libros de texto gratuítos, sin diferenciar a renda dos seus pais, sin diferenciar si o pai gañaba 90 mil euros ou 3 mil euros, todos tiñan os mesmos libros de texto. Hoxe xa non; hoxe hai que ir ca renda entre os dentes para que che regalen catro libros, y con esto está sucedendo exactamente o mesmo, como ben comentaba Victoria: haberá nenos que comen de quente e haberá nenos que leven unha fiambreira ,que nin sequera neso se puñan de acordo, que non sabíamos se iban a deixar ir ós nenos con fiambreira ó colexio, non sabíamos se terían que andar comendo ás escondidas igual, os que non poidesen pagar. Mire: apoiando todo o que di Victoria, eu vou a referirme a Barbadás, e no Ruxidoiro hai 297 nenos matriculados: 204 destes nenos comen no comedor do colexio do Ruxidoiro, e 119 nenos son transportados; estes 119 nenos do noso Concello, comían gratuitamente no colexio do Ruxidoiro; pois ben : a partir de agora van a pasar a pagar en función da renda dos seus pais, estes 119 nenos do Ruxidoiro máis 25 do Filomena Dato, van a pasar a pagar en función da renda dos seus pais, e nos di o sr. Conselleiro:” non, é que hai un tramo de renda que vai ser gratis”; claro!, para as familias que ganen menos de 7 mil euros de renda per cápita ao ano. ¡7 mil euros!. O que nos está dicindo o Conselleiro é aqueles pobres de necesidade vámoslle dar nós de comer, y o resto van pagar, y si tu tes a desgracia, porque esto se vai en función da renda do ano anterior, e que o ano anterior tuveches unha renda, poñamos por caso de 15, 18 mil euros, e tes a desgracia de quedar no paro, resulta que no curso seguinte o teu fillo vai ter que pagar o comedor escolar, vivas donde vivas, y estas na situación financeira na que estas; unha familia con todos os seus membros no paro pódese ver obrigada a pagar o comedor dos seus fillos, e non pouco, sinón hasta 90 euros ó mes por cada neno ou por cada nena; 90 euros, 4 euros e medio cada día, pagan os



que máis pagan, con rendas moi baixas por certo, como sucede cos libros de texto, o como comentaba xa Victoria, encima de cobrarlles a todos os nenos transportados, o cual sempre se nos enche a boca, co equilibrio territorial, co plan impulsa, ca reestruturación do interior do país, pero claro, por un lado no Parlamento de Galiza aprobamos unha Lei en contra da despoboación do rural, e por outro lado facemos medidas que implican que a xente non poida vivir no rural no noso País; estamos expulsando á xente nova do rural, cara ás cidades. ¿Quen se atreve hoxe en día ir a vivir a un pobo? ¿Quen pode ir a vivir a un pobo co que está facendo o Partido Popular?, pois resulta que non lles é suficientemente facer pagar a todos os nenos transportados, sinón que aqueles outros que viven en núcleos urbanos, como sucede no noso Concello ou en calquera concello de Galiza, se lles sube o prezo do comedor escolar un 40,2 por cen, e pasan de pagar 3,21 euros a pagar 4 euros e medio; súbenlle o comedor aos nenos e ás nenas de Galiza un 40 por cen dunha sola vez; ¡esto si que é IPC!, 40 por cen de suba nos comedores escolares en Galiza, e o 43 por cen vai pagar o comedor según o Conselleiro de Educación, polo tanto, eu creo que deberíamos velar polo dereito á educación como un dereito básico, un dereito básico á educación gratuíta, a educación que nos pode facer saír desta crise económica, que nos pode aportar un pouco de xustiza nesta sociedade...., pero temos a quen temos no goberno da Xunta e o que nos queda é pagar: pagar por comer, pagar por ir ó médico, pagar por montar nunha ambulancia, pagar por levar un neno a xogar ó fútbol, pagar por levar un neno a unha gardería, pagar por todo.... Habará a quen non lle importe e habará quen no poda facelo e quede co neno na casa; non vamos poder nin enviar os nenos ós colexios; hai comunidades autónomas, e a min non me gusta referirme a outros lugares do Estado Español, pero hai comunidades autónomas que están tomando conciencia do problema que se está sufrindo; hai estudos feitos polos servizos sociais do País, que hai moitos nenos que solo fan unha comida ó día, e non suficientemente nutritiva nin equilibrada; e hai comunidades autónomas ,coma a andaluza, que se están preocupando por lei, de garantir tres comidas ao día aos nenos do seu país, e nós en vez de garantir tres, non, dúas non, unha, que tiñan hasta agora ,non: esa quitámoslla! Cero; esto é o Partido Popular que temos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, vamos a ver, recórdolle unha cousa e é a seguinte: pagar hai que pagar sempre; senón pagan unhos, van pagar outros; eso, empezando por aí; O gratis total non existe, nin é viable, como ben sabemos, entonces, quede claro que eu estou de acordo coa filosofía da súa moción, porque entre outras cousas contradice todo o que dixó, porque aquí vostede falou de gratuidade total e absoluta, pero efectivamente na moción no punto dous e tres, dice : “para aqueles que máis o necesiten”, que entre outras cousas, é o que levan defendendo eiquí sempre. Paréceme ben,



que pague máis quen máis ten, e o que non ten, que loxicamente se lle axude e que sea gratis, loxicamente, se non ten, pero, e que é impepinable, o sea, se non pagan os que máis teñen, á larga pagamos todos, y neste caso o que se pretende é, o que non ten, darllo gratis, e o que ten, dado na situación na que nos encontramos económica, pois, que aporten os pais que realmente poden aportar unha pequena cantidade para o comedor escolar; en todo caso, nós a moción do BNG como leva estes dous apartados, tanto no punto dous como no punto tres, pois, vámola votar a favor, porque en primeiro lugar si se pode evitar que paguen os nenos, porque indudablemente en Galicia temos unha situación complicada como todos sabemos, o momento aínda máis, e ata o de agora era asumible, haberá que sacar diñeiro doutras partes , e o que sexa educación e sanidade, debemos de tratar de mantela; pero bueno, en todo caso como lle digo, como no punto dous dice “para aqueles alumnos que máis o necesitan” y no punto tres tamén dice “para aqueles alumnos con poucos recursos económicos”, pois indudablemente nós vamos a apoiar esta moción; sin embargo, loxicamente o Partido Socialista, non establece estes criterios; todo son críticas, todo son, pois dicir que todo siga como está, y obviamente pois nós así genericamente non a podemos apoiar; si vostedes a refunden e inclúen eses apartados, pois nós votaríamos tamén a favor e gustosamente, porque ca filosofía de fondo estamos totalmente de acordo.

Ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

A sr. Morenza toma a palabra: Grazas, nós evidentemente non estamos de acordo cos baremos que está instaurando a Xunta de Galicia, cos niveles de renta que establece e os límites que establece; entón evidentemente nós mantemos a nosa moción. Non é que non estemos en contra, non é que estemos en contra de que o que máis ten que máis pague, no: non estamos a favor de toda a estrutura, de como montaron o novo sistema para implantar a cultura da fiambreira .Con eso non estamos de acordo ,entonces a nosa moción mantémola e non a imos a refundir; votámola por separado; xa o propuxemos desde o principio.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do BNG

O sr. Fírvida toma a palabra: Bueno o sr. Alcalde como sempre, xa non é a primeira vez que o fai, esto de pagar encántalle; ós das dereitas encántalles pagar, para demostrar o seu poderío económico; mire sr. Freire Couto: pagar xa pagamos todos os cidadáns, e sabe como pagamos, como contribuímos o sosteñemento do estado social, cos nosos impostos, a non ser, que eiquí haxa defraudadores que non coticen, que non contribuyan ca Facenda Pública, ¿verdade?, aqueles defraudadores que non fan a declaración da renda ou que ocultan ingresos, ou que se van a países a ocultar patrimonios: esos non



colaboran co pago de servizos que despois son indispensables sobre todo para a xente que máis o precisan; eso é contribuír con un país; eso é ter compromiso con un país: pagar impostos cada un en función das súas rendas, cada un en función do seu patrimonio. Non se pode cobrar en función do uso que se faga dos servizos públicos, porque sinón estaremos establecendo impostos sobre a enfermidade, impostos sobre a cultura, impostos sobre a educación, impostos sobre a alimentación dos nenos pequenos... Eso é o que queren vostedes. ¿Por que non se lle cobra o impostos de transmisións patrimoniais? ¿por que se eliminou ese imposto o goberno do Partido Popular?(bueno, do Partido Socialista co apoio do Partido Popular). ¿Por que hai defraudadores e non se persigue a corrupción, e o fraude fiscal? Eso é no que se debería incidir, e non agora a verdade, en cobrar ós nenos pequenos que van a comer a un colexio público. O Bloque Nacionalista Galego, no que dí nos últimos puntos, porque quede ben claro, porque o sr. Alcalde o explicou mal, é que se garanta o comedor gratuito para as familias con poucos recursos, e que se vele polo dereito a un ensino público de calidade e gratuito; Eso é o que di a moción do Bloque Nacionalista Galego.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno moi ben: entendo que votamos entón por separado. Votos a favor do Partido Socialista, votos en contra.

Votos a favor da moción do BNG.

Bien pois queda aprobada por unanimidade a do BNG.

Sometido o asunto a votación resulta, cos votos a favor do PSdeG-PSOE, e do BNG, e os votos en contra do PP, o seguinte acordo: “ Rexeitamento da moción do PSdeG- PSOE para instar á Xunta a paralizar a decisión de incrementar o copago nos comedores escolares”

Sometido o asunto a votación , resulta aprobado por unanimidade , o seguinte acordo:

1- Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.

2- Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

3- Instar á Xunta de Galiza a ampliar o servizo de comedor gratuito ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á moción 6 que é a do BNG para publicitar a declaración de bens do Concello de Barbadás e do seu alcalde dende o principio da toma de posesión.

Ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira



6- MOCIÓN DO BNG PARA A PUBLICACIÓN DA DECLARACIÓN DE BENS DOS CONCELLEIROS/AS DE BARBADÁS E DO SEU ALCALDE DESDE A PRIMEIRA TOMA DE POSESIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos Barbadás está sendo noticia nos medios de comunicación estatais e non precisamente por boas novas, senón polo comportamento antidemocrático, autoritario e escurantista do seu alcalde, José Manuel Freire Couto. Incluso este comportamento foi criticado polos dirixentes galegos e da provincia de Ourense do PP, ao cualificar a súa actitude e comportamento de “impropio”. A pesar da solicitude reitera da publicación do seu patrimonio e a súa orixe, Freire Couto ten dado a espantada como resposta.

Este foi o motivo polo que o grupo municipal do BNG de Barbadás solicitou a dimisión do alcalde de Barbadás.

Pola información obtida polo grupo municipal do BNG de Barbadás e da información publicada en diversos medios de comunicación, tírase a consecuencia de que o abultado patrimonio de Freire Couto coincide no tempo con actuacións urbanísticas de gran calado acometidas no concello de Barbadás e facilitadas polo goberno do PP de Freire Couto.

A pesar de que os dirixentes do PP de Galiza e de Ourense éñense a boca con proclamas en favor da transparencia política dos seus dirixentes, Freire Couto aínda non fixo pública a declaración de bens á que obriga a lei de administración local cando se toma posesión de cargo público.

Por outra banda publicouse e así o admitiu o propio alcalde de Barbadás, que aproveitara a semana santa deste ano para viaxar a Portugal e ocultar o seu patrimonio persoal transferindo a familiares o mesmo para desta maneira fuxir do control da Facenda Pública.

Do que sí ten información toda a cidadanía do concello é da fraude fiscal cometida en tan só catro anos, dos que deu coñecemento, e que ascende a 208.000 € e aínda non coñecemos cal sería a fraude fiscal anterior ao ano 2007 nin a posterior ao 2010.

É absolutamente indigno que neste momento en que o PP está facendo recortes nos servizos sociais, en sanidade, en fomento do emprego, na lei de dependencia, en ensino, en prestacións públicas, en baixas médicas, en prestacións por desemprego, en prestacións por jubilación, etc, un alcalde do PP que cobra máis de 90.000 € ao ano de fondos públicos intente estafar á Facenda e fuxir das súas obrigas como cidadán ao non tributar polo patrimonio que verdadeiramente lle pertence.



Con que autoridade moral pode una persoa declarada defraudadora de impostos exercer de alcalde e ordenar e xestionar o cobro de imposto aos veciños de Barbadás?

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Facer público de maneira inmediata na páxina web do Concello de Barbadás a declaración de bens presentada por todos os/as concelleiros/as de Barbadás tanto a realizada con motivo da toma de posesión do cargo de concelleiros/as como no momento de cese no mesmo desde a primeira lexislatura de Freire Couto como alcalde.

De non acceder a esta publicación inmediata, solicitar a demisión do alcalde de Barbadás por oscurantismo e obstrución ao libre acceso a documentación oficial.

O sr. Fírvida toma a palabra: Nos últimos tempos o Concello de Barbadás, desgraciadamente, estamos sendo centro de información, xa non só na prensa local, sinón na prensa estatal, tamén nalguna cadena de televisión de ámbito estatal, e esta popularidade inesperada do Concello de Barbadás, ven referida á actuación do seu Alcalde o sr. Freire Couto. Agora xa non é o Bloque Nacionalista Galego, o único partido político que di que a actuación do Alcalde de Barbadás é pouco exemplificante, y que é inadecuada e inapropiada; agora son tamén os dirixentes provinciais do Partido Popular os que tachan a actuación do sr. Freire Couto, como impropia de un cargo público do Partido Popular; de feito, ó PP se lle ten enchido a boca ultimamente entre que os seus membros teñen que facer un exercicio de transparencia e democracia sen límites, mostrando a toda a cidadanía o seu patrimonio, os seus ingresos y a súa orixe. Pois esto non acontece no noso Pleno, como quedou ben ás claras, en Plenos anteriores que tiveron lugar en este Concello; en todo caso nós queremos facer fincapé, nun feito relevante do acontecido no noso Concello nos últimos anos: a trama urbanística desenvolvida en Barbadás nos últimos 25 anos, non responde única y exclusivamente a actuación do sr. Alcalde, o sr. Freire Couto; responde a unha trama artellada por un grupo de persoas redactoras do Plan Xeral, redactores das modificacións nas áreas de reparto, y constructores, moitos, moitos deles concelleiros do Partido Popular durante moitos anos no noso Concello, que foron os grandes beneficiados desta trama urbanística que houbo no noso Concello desde que Freire Couto é Alcalde. Na moción da que antes falábamos, da responsabilidade que existe entre todos os cidadáns de colaborar cos nosos impostos para o sosteñemento dos servizos públicos, un alcalde, unha persoa



adicada á vida pública, un presidente do INORDE, un deputado provincial que ten ó redor de 80 mil, 90 mil euros de ingresos anuais que proveñen de fondos públicos, cantos comedores escolares, cantas comidas lle poderíamos pagar aos nenos de Barbadás con 80 mil euros.. ¿verdade? .¡Cantas comidas poderíamos pagar ós nenos! Pois resulta que nos di el mesmo, que se vai a Portugal a agochar o seu voluminoso patrimonio para intentar desta maneira pagar menos á Facenda Pública; é dicir: pagar menos, contribuír menos, co sosteñemento dos fondos públicos e así despois nos terán que cobrar a todos por todos os servizos; o Bloque Nacionalista Galego considera que é absolutamente indigno o comportamento ,a actitude antidemocrática, observada polo sr. Alcalde. O sr. Alcalde fuxitivo de Barbadás, sr. Freire Couto. E como non responsabilizamos unicamente a el, sinón que sabemos que hai un contubernio con empresarios, con constructores, con urbanizadores do noso Concello nos últimos anos, y donde se veron beneficiados concelleiros do Partido Popular deste Concello, nós o que pedimos é algo tan fácil, como facer cumprir aquilo que pide o Partido Popular; esto é o que pide o Bloque Nacionalista Galego: pedimos o mesmo que pide o Partido Popular, sorprendentemente. Fagan vostedes públicos as súas declaracións de patrimonio, que estamos todas as concelleiras, que estamos todos os concelleiros obrigados a facer, cando tomamos posesión dos nosos cargos; temos que facer unha declaración de bens cando tomamos posesión como concelleiros en este Concello, en calquera outro, y outra declaración de bens cando cesamos nós en eses; esto é, pretende a Lei servir de cortapisa, ou servir de medida, para se poidese haber algún aproveitamento ilícito da nosa condición de concelleiros, pedimos eso: que se faga público ese patrimonio non só do sr. Freire Couto, senón tamén dos outros concelleiros de Barbadás, y tamén de aqueles outros concelleiros de Barbadás, que tiveron responsabilidades noutras lexislaturas, en anteriores lexislaturas, porque nós tamén , convencidos do enriquecemento de moitos concelleiros do Partido Popular no pasado do noso Concello, teñen vinculación directa con aquelas actuacións urbanísticas máis importantes levadas a cabo en Barbadás nos últimos anos: construción do Carrrefour, aprobación do Plan Xeral, e modificacións dese Plan Xeral, e privatización tamén dalgunha empresa pública, dalgún servizo público que se privatizou nos últimos anos, y eso é o que solicitamos: que fagan públicos eses patrimonios; non hai ningunha lei que o impida, xa o adianto; non hai ningunha lei que o impida, cecais non hai ningunha lei que nos obrigue a elo, pero non hai ningunha lei que a min ou aos meus compañeiros y as miñas compañeiras nos obrigue a que si queremos que se faga público o noso patrimonio, que estea na páxina web do Concello de Barbadás, por exemplo que é dun acceso directo y fácil, y eso é o que pedimos, como así pide tamén a directiva do Partido Popular.



O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Partido Socialista

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois ben, o grupo socialista xa pediu a dimisión do sr. Freire o mesmo día que se publicaron nun medio de comunicación estatal as primeiras noticias sobre o seu suposto patrimonio. Independentemente de que hoxe aprobe esta moción, dea vostede o seu visto bo ou non, nós seguiremos insistindo na súa dimisión, así de claro, independentemente de que vostede aprobe ou non esta moción. Esta solicitude socialista e a presión dos medios de comunicación, e por suposto veciñal, facilitara que ao día seguinte se celebrara un primeiro Pleno extraordinario para aclarar a situación patrimonial do Alcalde e do seu entorno familiar máis íntimo. As denuncias do PSdeG de Barbadás, na que se aseguraba que Freire fixo bastantes modificacións na distribución accionarial na súa empresa en Portugal, foron confirmadas polo interesado, e como dixo o compañeiro Fírvida, vostede mesmo recoñeceu que era para pagar menos impostos. A beneficiaria desta transmisión é unha das fillas do sr. Alcalde, unha persoa que para nós evidentemente merece todo o respecto, pero que supostamente é utilizada polo seu pai para maniobrar e ocultar o seu patrimonio. Desde o pasado 28 de marzo, Xoves Santo, a filla do sr. Alcalde é titular de activos en Portugal por máis de 400 mil euros; unha moza, volvo a insistir que merece todos os nosos respectos, de 22 anos. Sinalar que estas modificacións non foron feitas presencialmente, como se di na moción, foron feitas “on line” como no seu momento informou o Grupo Socialista; tamén foi modificado o domicilio social da empresa. ¡Que coincidencia que se modifique o domicilio social, coincidindo cas denuncias dos medios de comunicación e coa presión social! Tras estas operacións o Grupo Socialista solicitou novamente a dimisión do alcalde; foi o Partido Socialista quen puxo sobre a mesa a existencia dunha empresa radicada no domicilio ourensán do sr. Freire, no que participaban exclusivamente, a esposa e a mesma filla do sr. Alcalde ó 50 por cento cada unha, e que ten uns activos de máis de 450 mil euros; É dicir: un estudante de 22 anos, ten activos en Eichoa por 225 mil euros; Por resumir: temos que unha das fillas do sr. Alcalde ten propiedades por máis de 675 mil euros entre España e Portugal, e o rexedor non quere dar ningún de tipo de explicación en relación ao seu patrimonio nin o do entorno da súa familia máis íntima, cando resulta que hai un mes, fixo operacións na que el mesmo involucra á súa descendencia, é dicir, vostede mesmo involucra á súa familia, ninguén presionou para eso, ninguén lle puxo unha pistola na sién para que fixera cambios no accionariado e para involucrar á súa filla. A falta de transparencia incluso o ocultismo pero tamén as maniobras que fai o Alcalde entorno ó seu patrimonio, levaron, levan e levarán ó Grupo Municipal Socialista a esixir a súa dimisión, e actuar para coñecer a verdade sobre o que o sr. Alcalde non quere falar. Os socialistas debémonos á



ciudadanía deste Concello, polo tanto non aparcaremos este tipo de asunto, por moito que o sr. Freire nos poña todo tipo de atrancos; un exemplo de actitude antidemocrática foi a espantada no último Pleno; Pois ben, o Partido Socialista e desde logo este voceiro non se vai a deixar amedrentar por este tipo de actitudes ou calquera outra, como proba está o recurso de reposición presentado polo meu grupo, por certo que discrepamos totalmente co informe da sra. Interventora, e probablemente proseguiremos por este camiño, e igual presentamos un contencioso-administrativo; evidentemente, todo o que fai referencia a asuntos xurídicos é debatible, y esto é debatible, y o mellor nós proseguimos o noso camiño pola vía xudicial, hasta que se celebre regularmente ese Pleno; haino que analizar aínda. As ilegalidades, a ocultación, as medias verdades, a falla de ética non entran dentro do Grupo Municipal Socialista, e desde logo, as ameazas, as coaccións non nos van a mover de clarexar as circunstancias do emporio Freire, polo que apoiaremos todo tipo de propostas encamiñadas a favorecer a transparencia. Pero neste caso non é suficiente a publicación do patrimonio na páxina web do Concello de Barbadás, está claro que o sr. Alcalde supostamente xoga e utiliza para os seus fins á súa familia, polo tanto hai que esixir transparencia máxima, contas claras e un patrimonio impoluto. O patrimonio do sr. Freire, así como o da miña compañeira Victoria Morenza, xa está publicada na páxina web da Deputación de Ourense, polo tanto, o patrimonio do sr. Freire, o que el quixo publicar, evidentemente, polo tanto entendo que non debe existir ningún conviente para que todos os Concelleiros e Concelleiras de Barbadás, fagamos o mesmo na web do Municipio, do Concello; pero este Grupo Socialista esixe un paso máis que non é outro que o de publicar os datos de todas aquelas empresas e sociedades nas que participan a esposa e fillas do sr. Alcalde, mais cando algunha destas sociedades está radicada no seu domicilio particular; por suposto ten que explicar como é posible que a súa filla teña propiedades por perto de 700 mil euros. Semella que ó Sr. Freire non lle importa involucrar á súa familia, é así, non lle importa involucrar á súa familia, no seu entramado patrimonial e empresarial, pois entón tamén é xusto que teña que dar explicacións sobre o citado asunto. Estamos fartos da ocultación sistemática que fai o sr. Alcalde, e vou poñer un exemplo evidente, o PSdeG preguntou por escrito hai máis de dous anos, se era propietario dun baixo comercial destinado hoxe en día a cafetería, ubicado nas inmediacións das Piscinas Municipais, a resposta foi negativa. É certo: o sr. Alcalde non é propietario dese local, pero si que o é a súa señora; é dicir: hai medias verdades, estanos ocultando sistematicamente o seu patrimonio e agora vostede di, no a está publicado na páxina web da Deputación. Mentira; mentira sr. Freire; mentira. E aquí, o Partido Socialista desde hai dous anos ven facendo seguimento deste asunto, e vostede mentiuos e ocultounos sistematicamente



información. Resulta como decía antes, que xa sabemos que o local en cuestión é propiedade de Eichoa, do que son socios a súa filla e a súa señora, co domicilio social radicado na casa do sr. Alcalde en Ourense, pero tamén temos que dicir que a esposa do sr. Alcalde ten propiedades a medias na Valenzá, con persoas físicas, e que estas propiedades están alugadas, e vostede sábeo, evidentemente. Está claro que hai un importante entramado de propiedades que están a nome do sr. Freire, ou da súa esposa, ou de empresas nas que participan el, a súa esposa ou ben a súa filla, e tamén propiedades compartidas con outras persoas alleas á súa familia: o emporio Freire, término acuñado pola miña compañeira Victoria, ten moitísimas ramificacións, moitas máis das que pensamos, esta petición sabemos que non está contemplada en ningún texto legal, pero a cidadanía esixe actualmente unha transparencia absoluta a nivel patrimonial, e a desconfianza está instalada no seu que facer sr. Freire, dado o seu historial fiscal, ou por chamarlle así doutro xeito, antecedentes fiscais, son os dunha persoa sancionada con unha falta grave pola Axencia Tributaria, e vostede ten que dar exemplo e cando desde logo se lle esixe máxima transparencia, por exemplo, a Casa Real, vostede evidentemente non é menos que a Casa Real,; esíxelle transparencia á Casa Real, para que faga públicas as contas e os gastos de todo o seu entorno familiar, e vostede, desde logo que non é menos; si rematei.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno pois mire, voulle empezar dicindo que todas as miñas contas, contas, patrimonio personal e do meu entorno familiar, como todos ben saben, y din conta del, foi inspeccionado por Facenda; se houbera a máis mínima duda, a máis mínima duda, loxicamente Facenda é a primeira que traslada o expediente onde corresponde, co cual, se vostedes teñen algunha duda sobre Facenda, pois miren ,eso é cuestión de ustedes, pero eu, vólvolles reiterar, foi miña, da milla muller e das miñas empresas, y lle dei copia a todos. Facenda non viu nada raro máis que un desaxuste loxicamente na declaración da renta, e nada máis; agora en cuanto ó patrimonial, non viu nada, porque non o había, indudablemente, y eu, indudablemente como é diñeiro que o que eu gano honradamente, que quede claro, honradamente, podo invertilo onde queira, eiquí ou donde me de a gana, e vouno reiterar e me reiterarei unha e mil veces, unha e mil veces, hasta o 2010, que fun inspeccionado, Facenda non viu, nin viu, nin podía ver, nada, nada, nada ilícito, nin nada raro, entonces estean todos tranquilos, que eso está eí e para min foi a mellor garantía; foi loxicamente un salvavidas, si tu queres, si se quere, para evitar calquera suspicacia; coincidiu ben, coincidiu ben que Facenda me fixera todas esas inspeccións, porque senón hoxe houbera habida posibilidade de desconfiar, pero así o que desconfía e porque quere desconfiar, pero eu personalmente son o primeiro que estou tranquilo ó cen por cen, eso por un lado; por outro lado, dicirlle que as declaracións miñas



xa están colgadas e as dos nosos Concelleiros se van a colgar como se aprobou na moción no seu día, sin ningún problema; nadie ten aquí nada que ocultar, ustedes son os que intentan lanzar globos sonda para que a cidadanía pense que hai gato encerrado donde non o hai, entónces o que está moi claro é que a realidade é esa y voulle dicir unha cousa sr. Fírvida: usted ten moi mala conciencia sobre varias cousas, primeiro sobre os constructores y sobre os empresarios; supoño, supoño sr. Fírvida, que usted pensa, que todos son como o seu jefe de filas que no seu día veraneaba en yate co sr. Jacinto Rey o cual pediu a excedencia e agora está traballando nunha desas empresas en Brasil, entónces cren que todos son como el y loxicamente non é o caso; mire nós levámoslle eiquí 26 anos, un grupo de xente que estamos traballando polo Concello de Barbadás, que gracias a eses constructores y amigos que foron concelleiros, é certo que son amigos, e non renuncio a esa amistad e síntome moi orgulloso dela, y gracias a esos e outros máis, hoxe na Valenzá y en Barbadás, poden ter vivienda vostedes, tanto os dous portavoces como milleiros de persoas máis, porque iles arriesgaron o seu diñeiro, iles invertiron en Barbadás, crearon riqueza, fixeron desenvolver o noso Concello que hai que dicilo unha vez máis que Barbadás gracias á inversión e ó esforzo y logicamente á acción desas persoas todos que ustedes tanto, vilipendian, pois fixo que Barbadás fora un dos Concellos máis puxantes de Ourense, dos máis puxantes de Galicia, que coma lle dixen antes, poidamos ter ó día de hoxe deuda cero e déficit cero, y que fixera posible que sea un dos concellos que máis xuventud ten, que veñan a vivir para eiquí, entre eles vólvolle a repetir, ustedes, y cuando viñeron para eiquí, sería porque non era a cousa tan mala, nin tan desastrosa como vostedes a pintan, y que garantice o futuro sobre todo pola cantidade de xente nova que se instalou aquí, que lle da viabilidade o Concello continuidade, y que nos pode axudar a financiar precisamente os nosos servizo públicos. Si Barbadás non fora o que foi, si non houbera un equipo de goberno serio e responsable, que pilotou, que pilotou todo esto, y eses señores que ustedes tanto critican, tanto odian y tanto vilipendian, Barbadás hoxe seguiría sendo un Concello rural, como fai 20 anos, como son a maioría do entorno y sería, pois neste momento estaríamos falando doutras cousas, estaríamos falando do envellecemento da poboación, estaríamos falando da despoboación, e estaríamos falando de que a xente ten que emigrar, y afortunadamente Barbadás quizás é o único Concello de Ourense, que inmigra, que inmigra xente para eiquí, ven a vivir para aquí, entre eles vostedes; vostedes dous que son portavoces viñeron para aquí, y por algo será, entónces mire, voulle reiterar a usted: debe ter mala conciencia polos seus compañeiros, ¿verdad?, efectivamente, home se todos fóramos como eles, nada máis dar o primeiro paso algunhos deles, como en Orense, sin ir máis lexos, xa foron á xusticia; nós levamos aquí 25 anos, e gracias a Dios,



hasta o de agora, non tivemos ese problema. Ustedes sin ir máis lexos en Ourense, vólvome a remitir, como teñen tanta cara de criticar o que ustedes fan, porque xa tiveron que dimitir, nesta Corporación. Levamos ano e medio, e todos os Concelleiros do BNG que tomaron posesión en Ourense na última, nesta legislatura, xa tiveron que dimitir todos, e na anterior parte deles, precisamente porque, cometeron irregularidades manifestas que foron a un xulgado y parte delas recurriuse y parte delas se viu por onde iban os tiros, que nada máis privatizar un entorno como era o suelo público, xa cometeron a primeira irregularidad que foi denunciada y que indudablemente, non, non, foi recurrido polo fiscal, y ó final veremos onde vai acabar parar eso, pero solo ca primeira actuación, ¿vale?. Entonces paréceme que ustedes teñen máis cara.... ; entonces, voulle a decir unha cousa, nós o que tiñamos que facer, eu como alcalde xa o fixen, e os concelleiros o van facer sin ningún problema y nós non podemos aquí facer declaracións de membros que xa non pertencen á Corporación, eso en primer lugar, porque é ilegal, si, é ilegal, despois voulle a pedir un informe, que lle informe a Secretaria se é ilegal ou non: xente que non está participando neste momento en política, non se pode facer declaracións dos seus patrimonios, porque é algo intrínseco á súa intimidad, entonces, ustedes reflexionen sobre eso. Eu sei que usted ten que dicir eso indudablemente, y aproveitan a baza para desprestigiarnos, a min en concreto, porque como logicamente, cos votos, ca forza de votos, levamos 26 anos, e non foron capaces de desprestigiarme o que pretenden é aburrirme e logicamente pois que me vaia para casa dun xeito ou doutro, y como incluso xa parece que non lle chega o tempo pola vía xudicial pois xa non saben que facer, xa recurren a argumentos prohibidos, como o que hai que facer unha declaración desde fai 26 anos; ¿si quere fágolla desde que fixen a Primeira Comunión! teño unha cartilla de cuando fixen a Primeira Comunión, donde os meus pais me meteron o diñeiro que me regalaron; si queren tamén lla fago... ¿vale?: Bueno, pois mire, eso é o que hai: nós vámoslle a votar en contra porque o resto témolo realmente xa feito. Moitas gracias.

O sr. Fírvida toma a palabra: Bueno, o sr. Freire Couto, está libre de toda a mácula, pero claro a Facenda Pública di o que di, e vostede tamén di o que di; vostede en aquel Pleno do 26 de febreiro pasado, nos traía aquí unha retaíla, seica de documentación que nos iba a presentar, de cando vostede empezara a facer vida social, y bueno a medrar, y a ser punjante; bueno y que resulta que a única información que nos deu vostede desde aquel día y aquel propio día foi que na declaración da renda entre os anos 2007 e 2010, é dicir, unicamente 4 anos, porque non sabemos cales foron as inspeccións de Facenda nin cales foron as súas declaracións da renda anteriores ó 2007, nin posteriores ó 2010, só coñecemos a deses 4 anos, e vostede defraudou á Facenda Pública 208 mil euros; en 4 anos defraudou



208 mil euros, polo que vostede ten ademais, porque o pon en ese expediente, é unha fraude fiscal calificada como grave. Eu non veño eiquí a defender ós meus compañeiros doutros concellos, os de Ourense ;eu imaxino que o Partido Popular terá representación política en Ourense, para dicirle aos meus compañeiros de Ourense o que queiran. Non, poderíamos estar debatindo eiquí; se quere estamos hasta as 3 da tarde e lle digo o que sucedeu en Ourense, que hai unha persoa do Bloque Nacionalista Galego, unha non tres, imputado que foi a declarar seica por unhas conversas particulares entre empresarios que nin siquera lle colleron conversas ningunhas, así que, que me ven vostede eiquí a contar, y en todo caso a viaxe de Quintana naquel barco, todavía non era Vicepresidente da Xunta de Galiza y era con un empresario dun medio de comunicación, non era con un narcotraficante, sr. Freire Couto, non era con un narcotraficante, non era un narcotraficante; tampouco é certo, que collera no concurso eólico; ó concurso eólico, accederon todas as empresas que quixeron acceder y tiñan que ir acompañadas con un proxecto industrial para a creación de emprego no noso País, e redundaba o 14 por cen.... bueno, efectivamente non estamos falando do concurso eólico, pero sr. Freire : non iba, nun barco con un narcotraficante; iba con un empresario que non vendía droga, que non mataba persoas, non como fixo o sr. Feijóo, que lle quede claro; claro, este Concello é moi punjante, pero para catro; para catro e punjante, para catro constructores amigos seus, para catro beneficiados... Nós non odiamos a ninguén, nin temos a conciencia, nin vilipendiamos a ninguén, non señor, nós odiamos a todas aquelas persoas que se benefician da política para enriquecerse ilicitamente. Nós, non creemos que a política sexa o lugar onde haxa que vir para medrar economicamente, para enriquecerse, y eso é o que pasou no Concello de Barbadás nos últimos anos mentras vostede é Alcalde, que hai moitos concelleiros que se enriqueceron co crecemento urbanístico; xa sería o colmo que lle tivera que dar as gracias ao constructor que construiu o piso e que eu llo paguei y que estou pagando unha hipoteca e que vamos, voulle ir a dar as gracias,; voulle ir a dar as gracias, por facerme o piso!

O sr. Alcalde toma a palabra: era millor que llo regalaran como, como o andaluz aquel..

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿coma quen? ¿coma que?, ¡regalaríanllo a vostede!, regalaríanllo a vostede, e non creo que a ninguén eiquí nos regalaran un piso. Este Concello é tan punjante, que ten 13 mil persoas vivindo nel; como di vostede hai moita inmigración; vostede non é inmigrante, vostede é emigrante, vostede emigrou a Ourense porque seica alí hai mellores condicións; si: vive en Ourense; é tan punjante que é o único Concello de Galiza, de toda Galiza, con máis de 4 mil quinientos habitantes que non ten instituto, é tan punjante que temos un polideportivo que se empezou a construír hai 10 anos e que está sin inaugurar, e que non temos nin o primeiro polideportivo cando



hai concellos de 4 mil e 5 mil habitantes que teñen dous; é tan punjante que o Centro de Saúde, sendo vostede médico, está no baixo dun edificio, sen ventilación, sen saída de socorro, sen ningún tipo de accesibilidade, co baixo mínimos y donde antes había un almacén de patacas e aínda estamos esperando que a Xunta faga o novo Centro de Saúde; é tan punjante que temos unha gardería na que non collen os nenos que nacen en un ano no noso Concello; é tan punjante que non temos Centro de día para os nosos maiores... eso é ao que lle chama punjante; vostede solo mira para catro persoas, porque vin comprar un piso, donde o poden pagar, e logo...

O sr. Alcalde toma a palabra: Se non fora por eses inversores y eses exconcelleiros ó mellor non podería comprar o piso usted, pois claro que si.

O sr. Fírvida toma a palabra: Esto xa é, en fin, esto xa é... ¡vanos acabar dicindo donde temos que ir a vivir. Sr. Freire! non hai ningún, repito, non hai ningunha lei que nos impida facer público o noso patrimonio; non hai ningunha lei, vostede pode preguntar, pero desde hai varias lexislaturas, non só deste momento que foi vostede a amañar a Portugal o seu patrimonio como relataba o sr. Valcárcel para enmascarar vostede todo esto que ten montado non noso Concello, non o de agora, sinón o de todos os anos anteriores desde que vostede é Alcalde, desde todos os anos para ver si por casualidade si coincidise o seu incremento patrimonial, non creemos, ¿verdade?, con feitos urbanísticos de relevancia no noso Concello, por eso pedimos que se faga esa declaración desde hai varios anos. Pódese facer, se vostede quere, pode facer público ese documento, ese documento ten que estar no rexistro do Concello de Barbadás e solo é facelo público, é dicir, eu no ano 2 mil tiña tal, no ano 1980 tal, no 84, no 88, no 96..¡ fágao público!

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa o fixen sempre

O sr. Fírvida toma a palabra: Público non, así que eso quere dicir que como pasou con Facenda Pública, que anda vostede agochando as súas propiedades en Portugal para non declarar, agora está agochando o seu patrimonio aos veciños de Barbadás, porque non nos quere contar a verdade sobre o mesmo, non quere facelo, fágao; non quere facelo.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vostede está agochando o seu patrimonio, vostede recoñeceumo a min, vostede recoñeceumo a min. Sabe perfectamente que hai unha lexislación que obrigaba a declarar ós españois o seu patrimonio cando superaba un importe determinado no estranxeiro, e vostede fixo esa manobra entre outras cousas para ocultar ese patrimonio e non ter que declaralo, sr. Freire.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eso é no ámbito estritamente persoal,¿ que me ven vostede dicindo?

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vostede fíxoo para agochar; estou falando de claridade e de



transparencia: vostede agocha sistematicamente o seu patrimonio empezando polo final, pero decir que a desconfianza sigue instalada na cidadanía, precisamente pola inspección fiscal na que vostede se escuda sistematicamente. Pois a súa inspección fiscal, e o que fai precisamente que a cidadanía desconfíe de vostede, porque tivo unha sanción grave; grave: foi sancionado con 21 mil euros; a eso o sr. Alcalde chamoulle unha furlería! .Sr. Freire: foi reducida polo que foi reducida, pero a sanción foi de 21 mil euros, e está nos documentos que vostede nos facilitou; non minta novamente; non minta novamente: vostede pagou o que pagou pero a sanción era de 21 mil euros, ¿é certo, ou minto?. A sanción,..¿ era de 21 mil euros ou era de 16 mil?

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu acórdome do que paguei, 16 mil euros.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Oculta, sigue ocultando, sigue ocultando.

O sr. Fírvida toma a palabra: Porque a fraude fiscal era de 208

O sr. Valcárcel toma a palabra: Exactamente de 208 mil

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero paguei, eu paguei todo eso.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Lembrarlle, si, si, si, pero había un fraude fiscal. Lembrarlle que era unha sanción grave, e que xa por esta sanción..

O sr. Alcalde toma a palabra: Perdón, non sei si sabe que a sanción grave e cando se excede de 3 tres mil euros...

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si era de 21 mil, sanción grave.

O sr. Alcalde toma a palabra: Seguramente si lle fai unha inspección Facenda, algún dos que estamos aquí, entendo que poucos se salvarían.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Estou no meu turno de palabra, pero bueno, sr. Freire eu sálvome, eu sálvome, aquí os tres Concelleiros deste Grupo Municipal sálvanse, cero de sanción teríamos, pódollo asegurar e poño a man no lume, poño a man no lume, no, no, vou proseguir, lémbrolle que é unha sanción grave e polo tanto xa debería haber dimitido por ese motivo; pero ademais é que vostede mentiunos sistematicamente nos dous Plenos que houbo aquí extraordinarios, pero ademais mentiulle a este Concelleiro ou ocultou información, cando lle reclamou información nun Pleno ordinario; vostede mentiunos en relación a súa sanción, dixo que era unha furlería, bien, una tonteriíta de nada; mentiunos cas súas propiedades en Sanxenxo; mentiunos ca ubicación da súa empresa en Matosinhos, inversión, esforzo..... eu chamaríalle especulación, sr. Freire o que aconteceu na Valenzá, o que acontece neste Concello: inversión e esforzo, especulación, burbulla inmobiliaria, eso é o que ocorreu aquí en Barbadás, nin máis nin menos, e que tivo como consecuencia a ausencia de dotacións e de



servizos e aquí saltan á vista; 20 anos sin pavillón, debemos ser o único pavillón que non ten, o único Concello que non ten pavillón en toda a provincia, o único; onde está o Centro de Saúde, tan cacareado e á espera del, onde está?; ¿onde quedou o instituto? Vostede xa desistiu del, xa nin o reclama, xa o temos claro; ¿que piscinas temos en Barbadás?, non o sei, eu non mo explico, especulación volvo chamar: Nós, vou falar por min, pero creo que podo arrogarme e falar polo voceiro do Bloque Nacionalista de Barbadás, viñemos a vivir a Barbadás, pero vostede fuxiu de Barbadás, vostede está empadroado en Barbadás e reside habitualmente en Ourense, eu estou case seguro de que eso é fraude de Lei, casi seguro sr. Freire; aquí todos temos o don da ubicuidad: vivimos en tódolos sitios, vivimos en Barbadás, vivimos en Ourense e vivimos en Sanxenxo, e de paso en Matosinhos, e de paso tamén vivimos en Matosinhos, que ben viaxes fai vostede alí, ben viaxes que fai, acompañado de algún empresario por certo, seino, afirmoo, sr. Freire afirmoo..

O sr. Alcalde toma a palabra: Eso di usted

O sr. Valcárcel toma a palabra: E si non vai o empresario en representación súa; estou convencido que o seu empadroamento e a súa residencia están casi en fraude de Lei, e digo casi, non son xurista non o podo afirmar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois denúncieme

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois non xogue moito con lume, non xogue moito con lume que sabe que eso é unha sanción, sábeo. Vostede ten que clarexar o entramado empresarial que ten a súa familia, vostede e toda a súa familia, o emporio Freire é moi amplo, explíqueme aquí como é posible que a súa filla teña 700 mil euros en activos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non llo dixen xa antes, eu pódolle ceder á miña filla o que me de a gana.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, si,¿E tributou por elo?,

O sr. Alcalde toma a palabra: Claro, por favor todo, o que faltaba,¡ por favor!

O sr. Valcárcel toma a palabra: Esto está por ver, verémolo aínda

O sr. Alcalde toma a palabra: É que tamén lle preocupa iso,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Claro que me preocupa porque aquí desaparece a solidariedade fiscal, sr. Freire, se vostede non tributou por eso claro que me preocupa, porque estamos falando de recortes, estamos falando de solidariedade, estamos falando de copago, e si vostede non tributa....

O sr. Alcalde toma a palabra: Lle anticipo que lle vai pasar, eu vou facer o mesmo con vostedes, tanto nun caso coma noutro.



O sr. Valcárcel toma a palabra: E eu con vostede, non estou falando de nada estrictamente profesional, estou falando de tributación fiscal, sr. Freire, estou falando de tributación fiscal, porque aquí falamos de solidariedade, falamos de recortes, e vostede senón tributa estalle facendo, repercutíndoo ós cidadáns.

O sr. Alcalde toma a palabra: Tributo moito máis ca vostedes

O sr. Valcárcel toma a palabra: Tributa porque ten máis, vamos, ¿era o que me facía falta!

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu creo que podíamos pasar á votación, porque xa temos ás dúas réplicas, está máis que explicado e sobre explicado. Votos a favor da moción do BNG, votos en contra

A sr. Secretaria toma a palabra: BNG y PSOE a favor, PP en contra.

Sometido o asunto a votación, cos votos a favor do BNG e do PSdeG- PSOE, e os votyos en contra do PP, resulta adoptado o seguinte acordo: “Rexeitamento da moción do BNG para a publicación da declaración de bens dos concelleiros/as de Barbadás e do seu Alcalde desde a primeira toma de posesión”

O sr. Alcalde toma a palabra: A sete xa se debatiu antes, e pasamos a número oito, do BNG sobre as preferentes e subordinadas, que ten a palabra o seu voceiro.

6- MOCIÓN DO BNG SOBRE O NOVO COPAGO DOS COMERDORES ESCOLARES

Esta moción xa foi debatida e votada no punto número 5, relativo á moción do PSdeG-PSOE para instar á Xunta a paralizar a decisión de incrementar o copago nos comedores escolares.

7- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS PREFERENTES E SUBORDINADAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instancia da Defensora del Pueblo vén de realizarse un informe sobre as participacións preferentes e subordinadas, no que se cuestiona que os sistemas arbitraris das entidades financeiras intervidas polo Estado, utilicen unha consultora privada externa para seleccionar aos/ás clientes/as perxudicados con dereito a arbitrase.

Lembra, no documento, que en Novagalicia designouse unha consultora externa que decide en que casos se colocaron estes produtos financeiros de forma inadecuada, por iso cuestiona o feito de que unha entidade privada como a consultora externa, que non é gratis, decida quen ten dereito á vía



arbitral cando se trata de entidades que agora están controladas polo Estado.

O informe alerta sobre a inseguridade xurídica que causa esta decisión sobre un trato distinto para situacións que na súa orixe son iguais.

Por se fora pouco, o Banco de España, propón como solución alternativa aos/ás estafados/as polas preferentes adquiridas á banca intervida que non consigan recuperar o seu diñeiro mediante a vía da arbitrase, canxear estes títulos por accións, que á súa vez serán recompradas, segundo todos os indicios, polo Fondo de Garantía de Depósito. Iso sí, antes de que se produza o cambio de títulos aplícaráselles unha quita, que no caso de NCG Banco situarase nun abano que vai entre o 10% e o 55%, porcentaxe que variará en función das características das preferentes: data de emisión da preferente ou subordinada, data de vencemento, ou se é a perpetuidade, interese percibido, etc...

Deste xeito, os/as estafados/as que adquiriron estes produtos asumirán parte do rescate bancario (5.425 millóns no caso de NGB) por imperativo de Bruxelas, que os considera inversores e non aforradores.

Todas estas porcentaxes son aproximacións coas que está traballando o FROB, porque é o propio fondo público o que, con axuda dunha consultora privada, está realizando as taxacións de todas as emisións de preferentes e subordinadas, e calculando o seu valor de mercado, que será o que determina esa perda.

As últimas noticias son que os posuidores de preferentes de Novagalicia Banco van sufrir unha quita media mínima do 43% cando as vendan ao Fondo de Garantía de Depósitos. Os que teñan débeda subordinada do banco sufrirán un recorte medio do 41% e para os que posúan débeda subordinada con vencemento, a merma será do 22%. Pero as perdas reais serán maiores para que queira converter as accións en liquidez, pois cando o Fondo de Garantía de Depósitos lles merque as accións, descontaralles unha porcentaxe adicional por esa transacción.

No caso do Banco Gallego as perdas serán do 50% para os preferentistas e do 39% para os de débeda subordinada perpétua.

No caso de Bankia a quita media é do 38% para as participacións preferentes e o 36% para a débeda subordinada perpétua.

Moito nos tememos que detrás desta fórmula podería estar unha manobra para evitar que os/as afectados/as estean presentes no consello de administración da entidade ao posuír o 30 % da mesma tralo canxe das accións, ademais do feito de que produto da precaria situación de recursos que presenta o Fondo de Garantía de Depósitos, tras costear os distintos procesos de saneamento e venda das antigas



caixas de aforros, careza de liquidez para afrontar os pagos.

E mentres se perpetra este monumental roubo, os gobernos Galego e Español miran para outro lado, agardando que o problema se resolva grazas á “boa vontade” da Banca e legislando en sentido inverso aos intereses dos estafados/as.

Hoxe cobran especial vixencia as palabras que o Presidente da Xunta pronunciara na precampaña das eleccións galegas: “non descansarei ata atopar unha solución xusta para todos/as os/as que foron enganados coas participacións”.

A carón de Feijoo, apareceu tamén o presidente do Goberno, Mariano Rajoy, que manifestou que o Executivo central leva tempo traballando para resolver este problema con varios obxectivos, un dos cales identificou con que o conxunto dos cidadans non teñan que asumir problemas como este e a situación na que están os bancos que a asuman os bancos.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1.- O Pleno do concello de Barbadás rexeita o procedemento artellado polo Goberno do Estado que supón unha quita de máis do 50% aos aforradores e aforradoras.
- 2.-O pleno do concello de Barbadás insta ao Goberno da Xunta de Galiza e Goberno do Estado a que garanta das entidades Bancarias a devolución íntegra dos ingresos dos aforradores/as.

Toma a palabra o sr. Núñez: O BNG trae hoxe ó Pleno do Concello de Barbadás esta moción que entendemos que é un roubo un atraco a mau armada, ós pequenos aforradores galegos, que hoxe temos aquí un grupo tamén para referenciar este caso. Decir que, digamos que todos este mares veñen de antigos lodos; que temos que referirnos por exemplo xa nos seus orixes á creación do FROP, que era un pacto entre o PP e o PSOE, queo que facía , era que eliminaba o sistema financeiro galego, é dicir, eliminaba a participación dos órganos de dirección das antigüas caixas do poder político autonómico; esto foi o que fixo, foi barrenar realmente, anular absolutamente as antigüas caixas y bancarizar todo y digamos, prohibir que efectivamente a política e os órganos políticos a nivel galego pudesen ter unha coparticipación directa nestas caixas, que efectivamente, pudesen facer ,efectivamente, influír directamente na economía do País, algo que nós temos posto encima da mesa como pode ser a creación dunha banca pública galega, etc, etc, etc; algo que evidentemente non interesa porque non interesa dar poder económico ó País sinón que interesa seguir dependendo da miseria do Estado; de



acordo. Decir que o traballo do BNG nas distintas institucións nas que ten representación, sempre estivo ó lado dos estafados, e puideran resumirse nos seguintes pasos: é dicir, a única maneira de ter un coñecemento desta situación, promoveu distintas actuacións no plano político e institucional, encamiñadas a amosar o seu compromiso e solidariedade cos nosos compatriotas afectados polos bancos, así como de emendar unha solución política para o conxunto dos afectados e afectadas polas preferentes e subordinadas. Así mesmo, demos o noso apoio como forza política ás diferentes afectados, como hoxe os que están aquí presentes, que se foron constituíndo no País, facéndonos eco das súas lexítimas demandas, e respaldando como seguimos facendo activamente ás súas mobilizacións. Entendemos que isto é un auténtico roubo, para estes pequenos aforradores, que en Galiza vai significar a expropiación duns 600 millóns de euros, que serán transferidos desde os petos dos cidadáns para esas mesmas entidades bancarias que os estafaron; isto é un roubo se non a mau armada é un roubo, tal como é unha estafa. Hai que reseñar que os bancos e as caixas son culpables, pero efectivamente o Partido Popular é o responsable directo deste roubo dos cartos ós cidadáns, promovendo por un decreto que foi aprobado o 11 de abril no Parlamento Español, que establece unha quita sobre os aforros de máis de 662 mil familias galegas, afectados polas preferentes e subordinadas; é dicir, que esta xente que eran absolutamente aforradores, que non son nin grandes inversores, nin grandes empresarios, como dice “a Troica”, como se dice en Europa cuando se dice; este caso son pequenos aforradores que tiñan os aforros da súa vida, y que os meteron en estas caixas, para que agora veña a banca, y venga o Goberno do Estado a roubarllos. O Goberno do Estado o que fixo foi desenvolver un Real Decreto Lei, o 31 de agosto do ano pasado, Real Decreto Lei número 24 que o que supuxo foi legalizar a estafa das preferentes, a pesar de que as vítimas como digo eran pequenos aforradores; é dicir: cabe preguntarse donde está a democracia no Congreso dos Diputados, donde está o debate parlamentario, onde está o medo a debatir cos representantes das outras organizacións políticas no Congreso, e porque se saca un Real Decreto, y porque no se debate esto, e porque non se leva por outros cauces legais: porque evidentemente non interesa nin siquiera debatir; interesa facer y machacar; é moi fácil ser forte co que ten moito, ou ser débil con quen moito ten e ser forte co que ten pouco ou non ten casi nada, que é como está actuando o Goberno do Estado. Para o BNG a única solución posible pasa pola recuperación do cen por cento dos aforros invertidos nas preferentes destes nosos compatriotas, paisanos que confiaron nos bancos e nas caixas, que non recibiron unha información adecuada do produto que adquirían, que lles foron colocadas á xente a través da farsa máis vil e con información falaz que persoas que en moitos deses casos non requirían unhas requirimentos



para soportar unhos produtos tan complexos. Non é o mesmo ir vender un produto a unha universidade, a unha aula magna nunha universidade de economía, que falar cos nosos paisanos y esto foi unha estafa, un roubo, a quen non tiña nada. Supoño que o que se dixo foi: tu invirte aquí que vas ser socio preferente, que va a ser.. que esto que va a ser la ostia! eso foi a ostia: perder o diñeiro; eso foi no que consistiu: foi un engano a man armada. Resulta intolerable, inxustificable, decir que, lembrar que as indemnizacións, as remuneracións exorbitantes ós máximos responsables da banca coa complicidade do Banco de España, y que as grandes indemnizacións cas que se retiran os altos cargos y comparar esto, con quen non tiña nada e o perde..... No Congreso do Diputados a nosa portavoz, voume referir algo a outras actuacións que temos feito en outros ámbitos, Olaia Fernández, o 30 de xaneiro deste ano, presentou unha proposición non de Lei, para que na Cámara Baixa, instando ó Goberno aprobar un mecanismo que garantira no primer trimestre deste ano, que evidentemente xa venceu, un mecanismo que garantira a devolución íntegra dos aforros ás persoas estafadas pola comercialización das participacións preferentes(xa dixen antes que eran máis de 60 mil os galegos estafados); contémpanse unhas perdas dun 40%, dos tenedores destas preferentes, tanto de Novacaixagalicia, como si falamos con respecto ao estado en Bankia ou en Caixa Cataluña. Hai que insistir que estas quitas, porque o que se vai a facer o que parece que se propón agora e irlle devolvendo unhas certas cantidades, pero donde van a perder os aforros da súa vida. Insistir que estas quitas exarceban a indignación e a desesperación dos afectados, e os responsables políticos desta barbarie están na Xunta e no Goberno Central. Hai que prever as consecuencias sociais en que derivará este acto de violencia económica e das habituais consecuencias que terá para a convivencia das personas, é dicir, o que está pasando hoxe na sociedade. Bueno é que eu non sei que camiño podemos levar, é dicir, porque é absolutamente o nova más; é dicir : unha persona que aforrou toda a súa vida cinco pesos ,que os mete no banco porque le vende la moto de que van a ser relaciones preferente, ¡uf!, que van a ser socios preferentes de la entidad, y ahora que lle rouben o diñeiro, esto realmente clama o ceo, é dicir, y desde logo, miren, hai unha anécdota que contan de que dicen que o Papa que se ven de xubilar, (permítanme a anécdota) non, que dice que, que di que se xubilou y que quixo, vai proporse vir vivir a España, porque dice que quiere morrer entre ladrós, é dicir, porque aquí tería moito donde vir, porque aquí es un roubo absolutamente nefasto y completo, con respecto a este tipo de cuestións. Temos que dicir que o Goberno do Estado, da as costas ós máis débiles, a xente, para protexer os intereses da banca, cuando estamos no que se podería denominar corralito español, se inflaron a banca pública con centos y centos de miles de euros, en detrimento da economía do



sistema público, en detrimento da nosa educación, en detrimento da nosa sanidade e agora estes mesmos bancos pois o que fan é roubar ós nosos paisanos; hai que referirse as palabras do sr. Feijóo, cuando nas precampañas anteriores autonómicas decía que non iba descansar hasta encontrar una solución acaída para los que fueron engañados, dice; eu, permítanme aquí, que debeu quedar herniado, porque o que fixo foi tanto como cero; tanto el como o sr. Rajoy: en todo caso machacalos; de acordo. Hoxe aquí, este grupo político defende estas moción que pretende ser unha defensa real destes cidadáns e cidadáns estafadas pola usura bancaria e agredidos por uns gobernos do PP tanto en Madrid como en Galiza, pregados ós intereses da banca e sumisos ante os ditados da “Troica”; Repito: é moi fácil ser débil con quen ten moito peso y machacar a quen non pode, eso é sinxelísimo, pero é politicamente eso , o que nunca deberamos facer; haberá que estar sempre con quen non pode.

O sr. Alcalde toma a palabra: Perdón eiquí hai que poñer do PP e do PSOE, porque solo do PP, perdone que lle diga, pero equívocase.

O sr. Núñez toma a palabra: Defendemos con esta iniciativa os dereitos dos estafados, eu xa dixen que efectivamente ó inicio da intervención, hai cuestións donde realmente o Partido Socialista pois foi tamén cómplice en determinadas cuestións que fixeron que se derá lugar este tipo de cuestións, de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Entonces o famoso dafío por non haber controlado.

O sr. Núñez toma a palabra: Defendemos esta iniciativa; os dereitos dos estafados para que finalmente poidan recuperar o 100 por 100 dos seus aforros sin quita algunha; o 100 por 100, debendo ser esta devolución íntegra en cartos, en liquidez, non en produtos financeiros, nin outras berzas; ¿de acordo? ¡en liquidez!, y os acordos que trae hoxe aquí esta moción é:

- 1.- O Pleno do concello de Barbadás rexeita o procedemento artellado polo Goberno do Estado que supón unha quita de máis do 50% aos aforradores e aforradoras.
- 2.-O pleno do concello de Barbadás insta ao Goberno da Xunta de Galiza e Goberno do Estado a que garanta das entidades Bancarias a devolución íntegra dos ingresos dos aforradores/as.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.

Neste momento pide a palabra o voceiro dos afectados polas preferentes, polo que por parte da Secretaría Xeral infórmase sobre o trámite legal para a intervención do público nos Plenos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu non teño inconveniente en que interveña, pero se non se pode recoller en acta porque legalmente non o permite a Lei, non se recollerá, pero que interveña sin ningún tipo de problema; en todo caso toma a palabra o voceiro do Partido Socialista, senón lle importa, e



despois toma usted a palabra.

A sra. Morenza toma a palabra: Solo vou facer uso dun minuto, eu xa lle cedo a palabra ós afectados polas preferentes; era solo porque ten relación coa moción ,que íbamos facer unha proposta y é que o Concello de Barbadás, actúe como filtro canalizador das queixas que poden chegar ata aquí, porque xa a instancia do Partido Socialista na Deputación púxose en marcha os servizos xurídicos a disposición, pero moita xente ó millor non coñece que existe esta posibilidade, entonces que aparte de emitir un bando, pois que se reciba ós afectados que actúe de filtro o Concello de Barbadás, para máis cercanía da cidadanía, como unha institución máis cercana. E agora xa lle cedo a palabra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non hai problema, hoxe xa de fetio editamos un bando ofrecendo servizos; en todo caso pode tomar a palabra o voceiro das preferentes.

O voceiro dos afectados polas preferentes toma a palabra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Co noso apoio evidentemente contan incondicionalmente como é lógico, non pode ser de outra maneira, como xa fixemos na Deputación y o que esté da nosa mau pois encantado porque é de xusticia total e absoluta, entonces nada máis.

Entonces a moción queda aprobada por unanimidade por todos os grupos.

Sometido o asunto a votación , resulta aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

1.- O Pleno do concello de Barbadás rexeita o procedemento artellado polo Goberno do Estado que supón unha quita de máis do 50% aos aforradores e aforradoras.

2.-O pleno do concello de Barbadás insta ao Goberno da Xunta de Galiza e Goberno do Estado a que garanta das entidades Bancarias a devolución íntegra dos ingresos dos aforradores/as.

Pasamos entón ó último punto que é unha moción do Partido Socialista, par tratar de evitar a contaminación lumínica no parque de As Lamas, que ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira.

8- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA TRATAR DE EVITAR A CONTAMINACIÓN LUMÍNICA NO PARQUE DE AS LAMAS

D^a Maria Presas, (PS de G- PSOE) procede á defensa da seguinte moción:

A **contaminación lumínica** pode definirse como a emisión de fluxo luminoso de fontes artificiais nocturnas en intensidades, direccións, rangos espectrais u horarios innecesarios para a realización das actividades previstas na zona na que se instalan as luces.



Con esta definición de contaminación lumínica, o Grupo Municipal Socialista considera que a iluminación que foi instalada no parque das Lamas despois da súa remodelación, non cumpre co Regulamento de eficiencia enerxética para alumeados públicos.

Según este regulamento, hai que impedir que a luz se emita por riba da horizontal, e dirixila soamente alí onde sexa necesario, empregando de forma xeralizada luminarias apantalladas nas que o fluxo luminoso se dirixa unicamente cara abaixo.

Non é isto o que sucede no parque das Lamas, deixando xa a un lado a altura das farolas en cuestión, (que superan os catro metros), os globos das luminarias non están pintados na cima de cor negra polo que deste xeito dirixen o seu fluxo de luz cara arriba, cara o ceo, tentando quizáis iluminar o mundo e incumprindo así o mencionado regulamento.

O Grupo Municipal Socialista considera que hai outras opcións de luminarias para dotar de luz a un parque, que si cumpran o regulamento de eficiencia enerxética para alumeados públicos e que tamén respecten o medioambiente e se evite neste caso concreto e noutros que poida haber, na medida do posible, a contaminación lumínica.

O incumprimento do que estamos a falar non é algo puntual. En Barbadás máis ben é a norma. Son múltiples os lugares onde se produce este feito.

O Grupo Socialista presenta esta moción tamén co ánimo de que esta situación non se volva a repetir cando se realicen novas instalacións pero tamén para que conforme haxa que substituír as instalacións xa existentes se teña en todo momento presente o regulamento que en cada momento estea en vigor.

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

- 1- Cambiar os globos das luminarias do parque para evitar a contaminación lumínica e cumprir co Regulamento de eficiencia enerxética para alumeados públicos.
- 2- Nas próximas instalacións a realizar tanto novas como de mantemento se cumpla co regulamento vixente.

A sra. Presas (PSdeG-PSOE) toma a palabra: A contaminación lumínica pode definirse como a emisión de fluxo luminoso de fontes artificiais nocturnas en intensidades, direccións, rangos espectrais u horarios innecesarios para a realización das actividades previstas na zona na que se instalan as luces. Con esta definición o Grupo Municipal Socialista considera que a iluminación que foi instalada na remodelación do parque das Lamas, non cumpre co Regulamento de eficiencia enerxética para alumeados públicos.



Según este regulamento, trátase de impedir que a luz se emita por riba da horizontal, e dirixila soamente alí onde sexa necesario, o parque neste caso, empregando de forma xeralizada luminarias apantalladas ou pintadas, nas que o fluxo luminoso se dirixa unicamente hacia abaixo.

Nas Lamas esto non é así, deixando xa a un lado a altura das farolas (que superan os catro metros de altura), os globos das mesmas non son apantallados permitindo que así que o fluxo de luz se dirixa cara o ceo, tentando quizáis iluminar o mundo e incumplindo deste xeito o mencionado regulamento.

Os Socialistas consideramos que hai outras opcións dispoñibles para dotar de luz a un parque, que si cumplan co regulamento de eficiencia enerxética e se evite na medida do posible a contaminación lumínica.

O incumprimento do que estamos a falar non é algo puntual, en Barbadás máis ben é a norma. Son múltiples os lugares onde se produce estes feitos.

O Grupo Socialista presenta esta moción tamén co ánimo de que esta situación non se volva a repetir cando se realicen novas instalacións ou obras pero tamén para que conforme haxa que substituír as instalacións xa existentes se teña presente en todo momento presente o regulamento que en cada momento esté vixente. Por eso o acordo é que se cambien os globos das luminarias do parque das Lamas para evitar a contaminación lumínica e cumprir co Regulamento de eficiencia enerxética para alumeados públicos e que nas próximas instalacións a realizar tanto novas como de mantemento se cumpla co regulamento vixente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do BNG

A sra. González (BNG) toma a palabra: Digo que as farolas que comenta María no parque, que foron postas hai relativamente pouco, que o criterio técnico eu non o coñecía pero si efectivamente é así e nós desde logo imos aprobar a moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, nós tamén tiñamos aprobar a moción pero consultado cos técnicos, nos dicen que non é realmente así, é dicir, o regulamento non é de aplicación neste caso, porque a potencia instalada é inferior á que exige o reglamento que é de 1 Kiilovatio e que é de 0,5 y en todo caso, claro que vamos a tomar nota da proposta e no sucesivo se tendrá en conta, pero bueno nós o único que fixemos foi encargar un proxecto técnico, supoñíamos e supoñemos que con todas as normativas digamos vixentes, e que estean en vigor pois ,aplicables, e de feito son aplicables tal como o puxeron, pero bueno volvo reiterar que non é obrigatorio, non está, digamos desde o punto de vista legal mal, independentemente que si hai que modificar algo y se pode modificar algo se modificará y cara o sucesivo se terá en conta; eu tamén non estou a favor da contaminación lumínica, estou de



acuerdo totalmente, pero bueno eu cando lle encargo a un técnico un proyecto non son eu quen de darlle as pautas, e entendo que un técnico sabe o que ten que facer y nós neste caso fixemos eso. Pero si se poden cambiar algunhas farolas ou algunhos globos, si é viable se fará e de cara o futuro pois llo reiteraremos, aunque non sean de aplicación porque sea un parque pequeno ou porque sea unha instalación de menos potencia.

A sra. Presas toma a palabra: Eu non sei, nós, o técnico co que falamos nós e nos informou, di que non cumpren o regulamento; o que si podíamos facer si non lles importa, é deixarnos o proxecto ou onde están os datos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Doulle o informe dos nosos técnicos. En todo caso sea ou non sea, aunque non sea de aplicación o reglamento, nós o que poidamos modificar en aras a beneficiar a situación pois se vai a facer. Ahora non vamos a aprobar unha cousa que me está dicindo algo que non é ,según os técnicos, que contradicen a realidade; non lle vamos a aprobar a moción non por nada, senón porque o que dice aí non é certo según os nosos técnicos, entonces eu non podo ir en contra dun criterio dos nosos técnicos, pero lle reitero que, si podemos, na medida do posible, se vai a intentar axustar ó que usted pide sempre e cuando se poida.

A sra. Presas toma a palabra: Pero esto ¿quen o asina?, E que claro esto pódoo facer eu agora, tamén.

A sra. Secretaria toma a palabra: Esto fue Rapela que nos vino a informar verbalmente, lo hizo por escrito y ni lo firmó.

Prodúcese un breve debate sobre este tema.

A sra. Presas toma a palabra: Bueno pero entón eu solicito que se nos faga chegar de forma oficial, xa non sendo verdade, entón, según di o técnico do Concello que está ben, que está na normativa vixente que de eiquí en adiante se evite en todo o posible a contaminación lumínica, e que se nos faga chegar canto antes o informe.

A sra. González toma a palabra: Nós tamén aplazamos a decisión de votar a moción en función do informe.

A sra. Secretaria toma a palabra: Los datos que dio fue que según el artículo 2 de ese reglamento, que no es de aplicación porque solo se aplica cuando la potencia de la instalación es inferior a 1 kilovatio y la que se instaló, de 0,62 es la nuestra, y después me enseñó otro artículo, (y dije: yo creo que con esto de momento es suficiente) que se refería al tipo de iluminación ornamental que estaba excluida; eso es lo que informó verbalmente. A ver: entonces, ¿ pedís el informe?



A sra. Presas toma a palabra: Si

O sr. alcalde toma a palabra: Deixámola pendiente

A sra. Presas toma a palabra: Deixamos pendiente a moción, solicitamos o informe e deixamos pendiente a votación da moción.

A sra. Secretaria toma a palabra: ¿El BNG también?

A sra. González toma a palabra: O BNG tamén

O sr. Alcalde toma a palabra: Deixamos pendiente este punto, pendiente de que faga o informe o técnico y ustedes se cercioren de que é así.

Entón pasamos agora ao último punto que son ruegos e preguntas, bueno dación de contas de Resolucións de Alcaldía, que é dar conta e que teñen copia, eso non é de debatir y si non hai ningunha intervención pasamos ó último punto que son rogos e preguntas, que dada a hora que é, as preguntas me imagino que serían millor por escrito e os rogos ten a palabra neste caso a voceira do BNG.

PARTE DE CONTROL

7.-DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas dende a última sesión.

8- ROGOS E PREGUNTAS

A sra. González toma a palabra: Na zona do Barro das Lamas, este fin de semana non había luz, y a calzada sigue igual que estaba, está estropeadísima;

E dicir, que é un rogo que traigo de xeito reiterado, creo que Pleno tras Pleno, e tendo en conta que estamos xa entrando no verán, que haxa unha limpeza xeneral de contenedores, incluso ampliación, porque nos pobos no verán hai máis xente y polo tanto xenerase máis materia orgánica, máis basura, máis lixo.

E tamén a limpeza de fontes e lavadoiros en todo o Concello, a revisión dos parques, porque hai moitos moi deteriorados e con mobiliario en condicións que poden chegar a provocar accidentes;

E unha pregunta rápida con unha contestación rápida: ¿contéstanlle as preguntas, propostas, etc, realizadas por escrito ás asociacións de veciños? ¿contéstanlle por escrito?

O sr. Alcalde toma a palabra: Depende de que preguntas sean, polo xeral si.

A sra. González toma a palabra: Entón ¿por que á Asociación de Veciños das Lamas non lle contestan ningunha?(De xeito histórico).



O sr. Alcalde toma a palabra: Xa lle digo depende cual sea o argumento da pregunta

A sra. González toma a palabra: As Lamas desde hai moitos anos, ten metido por escrito, a Asociación de Veciños desde hai moitos anos, non esta xunta directiva, senón as anteriores xuntas directivas, moitísimas preguntas, moitísimas propostas, y nunca se lle contestou ningunha por escrito, entonces é un rogo que se lle empecen a contestar xa, porque ademais son reiteradas, suelen facer fincapé nos mesmos temas, dun xeito constante y tal, y nunca se lle contestou ningunha co cual é unha solicitude desta Concelleira que se lle empecen a contestar desde xa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Algunha pregunta máis do BNG,¿ non?. ¿ O PSOE?

O sr. Valcárcel toma a palabra: A miña é verbal: recentemente a semana pasada, creo lembrar, había un bache ubicado entre, no cruce co Mercadona, un bache considerable que se recheou con formigón, creo que ese non é o procedemento que se debería seguir para evitar baches, cando é asfalto.

A sra. Prieto (PP) toma a palabra: Non se podía botar asfalto porque estaba chovendo.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ah, vale, entón eu vin que estaba recheo de formigón e chamoume a atención dende logo, porque me chegaron chamadas de veciños.

A sra. Presas toma a palabra: Eu teño un rogo, que é que se arranxen de forma urxente e prioritaria o esbarrancamento do Parque Bahamonde, pola seguridade dos nenos, que xa informei a unha Concelleira do Grupo de Goberno, en Semana Santa,e aínda está así a día de hoxe; é perigoso, e non sei si foron pola zona para velo...

O sr. Alcalde toma a palabra: Onde estaban as vallas aquelas,¿ non?

A sra. Presas toma a palabra: Si, no Parque Bahamonde, cae para a pista, o muro que hai para a pista .

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa ten constancia ela; estubo tempo de chuvia que seguramente non se produciu hasta ahora.

Ten a palabra a voceira do PSOE

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. Era para solicitar unha parada de autobús á altura do bar de Parada, para con vistas a solicitar á Consellería de Educación que defina este punto como un lugar oficial para o transporte escolar, porque é un trámite que se lle pide. Non estou pedindo a marquesina, estou pedindo o punto oficial de parada.

O sr. García (PP) toma a palabra: Pero creo que xa o ten recollido; non o podo cerciorar..

A sra. Morenza toma a palabra: Pois ao mellor na acta xa me poden informar na resposta que deu o



Alcalde.

Despois solventar definitivamente a polémica xerada entorno ós problemas xurdidos polo estacionamento na praza do Piñeiro, que hai moitos problemas, que hai denuncias, a Guardia Civil ten vido en varias ocasións, e bueno pedimos....

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero alí é foi polo o do autobús

A sra. Morenza toma a palabra: Pero non é solo polo do autobús :e que se está chamando á Guardia Civil, polo aparcamento de coches, e estase denunciando; unhos veciños denuncian a outros, entonces o Concello debería intervir para buscar unha solución definitiva. Tratar de solventar os problemas de esbaróns que se producen na empinada Porto do Río e tamén na rúa da Presa, donde se teñen producido caídas de persoas;

Incrementar a vixiancia, esto para nós si que é moi importante, por parte da Policía Local, para que se cumpra estrictamente á normativa das distancias nas terrazas dos establecementos hosteleiros, pois prodúcense a cotío esceas nas que os viandantes non poden transitar, entonces esto xa é unha moción que se aprobou unanimemente no anterior Pleno e si verdadeiramente non se está producindo esa vixiancia na realidade sigue habendo queixas, sigue habendo problemas para transitar, xa non digamos as persoas que levan carriños;

Que se instale unha rede de recollida de augas pluviais no camiño do Pito en Piñor, e que este mesmo vial e o camiño da Longra sexa desbrozado;

Solicitar á Deputación que se desbrocen as beirarrúas na travesía de Piñor, e na zona axardinada da rotonda de entrada ó pobo tamén coñecida como floripondio, e despois, que a próxima vez que se realicen podas dos plataneiros en Piñor que se faga dun xeito moderado para non privar ós usuarios desta zona verde e da fonte do Regueiro da sombra que se necesita no verán; non se pode talar, podar non é o mesmo que talar para nós.

E despois ,xa o último rogo, e habilitar un paso de peóns nas inmediacións do Campo de Fútbol dos Carrís, porque hai moita inseguridade á hora de que circulen as persoas e fundamentalmente os cativos, tendo en conta a grande densidade de transeúntes que hai nesa zona ;e despois unhas preguntas que son moi breves.

¿Por que non se solicitou formalmente unha obra dentro do Plan Complementario da Deputación?

¿Por que en época de crise económica cando o Concello de Barbadás sube taxas e impostos e promociona a presenza do noso Concello en Xantar, tendo en conta que non temos unha festa gastronómica típica, nin un produto específico que nos caracterice? E ¿Cal foi o custe xerado pola



presencia de Barbadás en Xantar?

O sr. Alcalde toma a palabra: Ningún, coste cero.

A sra. Morenza toma a palabra: E terceiro, ¿Cando está previsto abrir ó público o Polideportivo?.
Moitas grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos, como saben, ca urbanización exterior; xa pavimentaron, agora vamos facer o desagüe y calculo que nun mes mais ou menos se podrá abrir ó público. O coste de xantar cero.

A sra. Morenza toma a palabra: ¿En xullo?¿ agosto?

O sr. Alcalde toma a palabra: Entre xuño e xullo. O coste cero, non custou nada y non sei cal era a primeira.

A sra. Morenza toma a palabra: Por que non se incluiu ningunha obra no Plan Complementario

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver a Diputación como usted ben sabe, que está alí de Diputada, acaba de incluír 60 mil euros para obras no Concello de Barbadás, entonces en principio están sin tipificar este tipo de obras, eu creo que a incluíu porque había solicitado a millora das Escorregas, bueno en todo caso hai unha subvención de 60 mil euros como usted sabe na partida.

A sra. Morenza toma a palabra: esto non ten que ver co que estaba falando, vostedes non propuxeron unha obra para o Plan Complementario

O sr. Alcalde toma a palabra: No, no, no, vamos a ver, nós, usted sabe, que estou alí como está vostede na Deputación, non hai recursos coma eiquí, si lle dan por una lado, non lle poden dar a un dous tipos de subvención, unha que incluyen no Plan Complementario e despois que lle dían e parte unha subvención de 60 mil euros que incluiu no presupuesto porque non hai para todos simple e llanamente.

A sra. Morenza toma a palabra: Pero o Plan Complementario é por si falla unha obra, sr. Alcalde.

O sr. Alcalde toma a palabra: No, pero é que si falla unha obra non lla van dar a quenes lle deron esa subvención importantes.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Unha pequena aclaración,¿ como é posible que non nos costara nada o de Xantar?

O sr. Alcalde toma a palabra: Non nos costou nada porque o restaurante, o único que nos pediu no de Expourense, que lle deixáramos poñer o noso nome de algunha maneira y que participáramos indo alí, pois comer y fomos comer os de aquí, pagando nós cada un o seu e non nos costou nada.

O sr. Valcárcel toma a palabra: O stand, ¿montar o stand non costou nada?



CONCELLO DE BARBADÁS

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non houbo stand, ningún; puxo simplemente Concello de Barbadás. Entre outras cousas porque son de aquí algúns dos conciñeiros y viña logicamente solicitar subvención e non lla dimos; dixémoslle que non había posibilidades.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:30 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO